**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA**

**INGLÉS**

**3º EDUCACIÓN PRIMARIA**

**Sara VillarVázquez (3ºA) (3ºB)**

**CEIP A Gándara (Narón)**

**Curso 2020/2021**

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN

2. CONTEXTO

2.1. Contexto particular do centro

2.2. Distribución do alumnado

3. PAUTAS PARA ATENDER Á DIVERSIDADE

3.1. Dificultades de aprendizaxe

3.2. Alumnado con risco de dislexia

3.3. Alumnado con TDA

3.4. Problemas de conduta

3.5. Alumnado con altas capacidades

3.6. Alumnado que remata axiña as tarefas

3.7. Outros casos que poidan xurdir ao longo do curso

4. COMPETENCIAS CLAVE NESTA MATERIA

5. OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

5.1. Obxectivos

5.2. Contidos

5.3. Criterios de avaliación

5.4. Estándares de aprendizaxe

6. METODOLOXÍA

7. TEMPORALIZACIÓN

8. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

9. AVALIACIÓN

10. MÍNIMOS ESIXIBLES PARA SUPERAR A MATERIA DE INGLÉS

11. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E PRÁCTICA DOCENTE

12. CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE LINGUA ESTRANXEIRA AOS DIFERENTES PLANS DO CENTRO

12.1. Plan lector

12.2. Plan de Convivencia

12.3. Proxecto TICS

12.4. Atención á diversidade

# 1. INTRODUCCIÓN

A programación didáctica confire un traballo persoal e concreto, adaptado ao contexto específico do centro e do 3º nivel de educación primaria. Nesta programación reflíctense os obxectivos, contidos e criterios de avaliación concretos para o alumnado deste nivel do CEIP A Gándara. A programación está constituída por unha serie de unidades que dan resposta a todas as cuestións do currículo.

Temos sempre presente nesta Programación Didáctica e poñemos especial interese na atención á diversidade do alumnado, na prevención das dificultades da aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades. A presente programación é a base da práctica diaria da  mestra de inglés durante este curso 2020-2021 para este nivel.

Non obstante, debido ás características dos distintos grupos, e dado que esta programación se realiza ao principio do ano académico; e  no contexto epedimiolóxico específico deste curso esta pode sufrir modificacións ao longo do curso por diversos motivos como poden ser o nivel da clase, a presenza de dificultades imprevistas a priori, a frecuencia de condutas disruptivas na aula e o desenvolvemento da propia situación epidemiolóxica coas ausencias, asistencias, traballo presencial, semipresencial, a distancia, etc.

Estes cambios poden afectar a calquera aspecto da programación (metodoloxía, temporalización, pode ser necesario realizar adaptacións dos contidos, da avaliación, etc.).

# 2. CONTEXTO

## 2.1. Contexto particular do centro

O CEIP A Gándara atópase situado na Rúa Colmeote s/n, no Concello de Narón. No centro hai dous grupos de 3º curso que se distribúen como se especifica no apartado 2.2. da presente programación.

## 2.2. Distribución do alumnado

Os dous grupos de terceiro curso son moi numerosos, como se pode observar na seguinte táboa:

| Curso | Nº de alumnos/as |
|---|---|
| 3ºA | 25 |
| 3ºB | 24 |

No contexto de nova normalidade, a mestra (nova este curso escolar para o alumnado) desplázase á aula de referencia e non usa a aula de inglés, coma anos anteriores. O alumnado traballará individualmente e procuraráse o traballo grupal a través de medios tecnolóxicos, asegurando sempre a seguridade para as nenas e nenos.

## 3. PAUTAS PARA ATENDER Á DIVERSIDADE

Nas dúas aulas de 3º curso de educación primaria hai nenos/as que presentan dificultades ou características particulares de varios tipos, e tamén debemos ter en conta as que poidan xurdir durante o curso, ademáis das diferenzas no acceso á información e a brecha dixital que poida xurdir ao longo do ano académico; polo que se tomarán en consideración as seguintes pautas para atender á diversidade:

### 3.1. Dificultades de aprendizaxe

Os/as nenos/as que presentan dificultades de aprendizaxe, recibirán reforzo dentro da propia aula por parte da mestra de inglés. Este reforzo poderá consistir en explicacións persoalizadas, seguimento do traballo diario, fichas adicionais, adaptación ordinarias de contidos, controis e explicacións.

### 3.2. Alumnado con risco de dislexia

No caso de alumnado con risco de dislexia, tomaránse as seguintes medidas:

- É necesario cambiar de tarefas máis a miúdo, así como facer descansos máis frecuentes, pois o seu nivel de dispersión aumenta e cóstalles manter o ritmo.
- Antes de empezar as tarefas, trataráse de comprobar que entendeu o que ten que facer.

- Darlle máis tempo para facer as actividades.
- Valorar os progresos de acordo co seu esforzo.

### 3.3. Alumnado con TDA

Teránse en conta as seguintes pautas:

- Antes de empezar unha actividade, explicala de xeito claro e sinxelo.
- Preguntarlles cada pouco para comprobar que está entendendo.
- Utilizar estratexias para captar a atención do alumno, como xesticulación, entoación, dramatizacións…*
- Utilizar reforzos e apoios visuais.
- Utilizar reforzos positivos para motivar.

* neste caso concreto, co uso da máscara obrigada para alumando e mestre; tentarémolo dende unha exposición máis focalizada no traballo individualizado.

### 3.4. Problemas de conduta

No caso de que o alumnado con problemas de conduta se comporte de xeito disruptivo dificultando o normal desenvolvemento das clases, trataráse de buscar solucións xunto coa orientadora do centro para que estas condutas non afecten ao resto do grupo (interrupcións constantes, condutas agresivas, faltas de respecto, etc.).

Pode ser necesaria a presenza de mestres/as de apoio ou do persoal Tecnico Auxiliar para reconducir determinadas condutas durante un período temporal concreto ou ao longo de todo o curso, en función das necesidades.

### 3.5. Alumnado con altas capacidades

Se rematan o seu traballo, proporánse actividades diferentes relacionadas co tema que traballamos. Neste curso cunha metodoloxía transversal que será o cine, con actividades máis lúdicas e fomentando a escoita activa en inglés e a mellora da comprensión lectora en inglés e español.

### 3.6. Alumnado que remata axiña as tarefas

É prácticamente imposible que nun mesmo grupo de 25 alumnos/as rematen todos ao mesmo tempo. Por este motivo, sempre hai nenos/as que acaban antes ca outros aos que lles custa máis realizar as tarefas. Neste

sentido o alumnado máis rápido poderá realizar as tarefas relacionadas co proxecto-temática que se traballe en cada momento.

### 3.7. Outros casos que poidan xurdir ao longo do curso

Se durante o curso se observan casos de alumnado que requira unha atención especial polo motivo que sexa e non apareza recollida na presente programación, tomaránse as medidas necesarias en colaboración co Departamento de Orientación do centro coordinada coa titoría.

## 4. COMPETENCIAS CLAVE NESTA MATERIA

Atendendo ao Decreto 105/2014, do 4 de setembro, as competencias clave son as capacidades de poñer en práctica de forma integrada, en contextos e situacións diversas, os coñecementos, as habilidades e as actitudes persoais adquiridas.

Desde a nosa Programación Didáctica tratamos de contribuír ao desenvolvemento das sete competencias clave:

- **Competencia en comunicación lingüística (CCL):**

O estudo dunha lingua estranxeira contribúe ao desenvolvemento desta competencia dun xeito directo. De feito, é a competencia máis relacionada coa materia de inglés. Case todos os estándares fan referencia a ela.

- **Competencias Social e Cívica (CSC):**

Son o segundo tipo de competencias máis relacionadas coa nosa materia. Ao ensinarmos unha lingua, tamén é necesario ensinar unha cultura, incluíndo o seu elemento social.

- **Competencia de Aprender a Aprender (CAA):**

Esta competencia tamén está moi presente na ensinanza do inglés. Os/as alumnos/as deben tratar de identificar cómo aprenden mellor e qué estratexias os fan máis eficaces, para ser capaces de saír adiante a medida que van avanzando nos sucesivos cursos e se vai incrementando o nivel de dificultade das diferentes materias.

- **Competencia Dixital (CD)**

Na materia de inglés as TICs son fundamentais, xa que se empregan a diario e na actualidade é importante que o alumnado estea familiarizado con todas estas tecnoloxías para poder afrontar os retos do presente e do futuro e non convertirse nunha vítima da brecha dixital.

- **Sentido da Iniciativa e Espírito Emprendedor (CSIEE)**

Só dous estándares do currículo de 3º de educación primaria tratan esta competencia (PLB3.5 e PLB3.6).

Por último, as seguintes competencias non están incluídas en ningún dos estándares de inglés deste curso:

- **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT)**
- **Conciencia e Expresións Culturais (CCEC)**

Aínda así, incluímos en todas as unidades actividades transversais (*cross curricular topics*) que se poden incluír na primeira destas competencias e proxectos intracurriculares a través da arte e do cine.

## 5. OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Seguindo o Currículo Oficial de Educación Primaria (DECRETO 105/2014 de 4 de setembro), a área de Primeira Lingua Estranxeira: Inglés neste terceiro curso está estruturada en cinco bloques que, aínda que se presentan separados para maior claridade, deben ser entendidos como inseparables na práctica lingüística e en cada acto comunicativo.

Estes cinco bloques, relacionados cos dous centros de atención específicos: a linguaxe oral e a linguaxe escrita, recollen os elementos constitutivos do sistema lingüístico, o seu funcionamento e relacións, e a dimensión social e cultural da lingua estranxeira.

No Currículo oficial preséntanse nunha táboa os obxectivos, contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe desta materia para este nivel, que se reproducen a continuación:

## 5.1. Obxectivos

## 5.2. Contidos

## 5.3. Criterios de avaliación

## 5.4. Estándares de aprendizaxe

<table>
<tr><td>ÁREA</td><td colspan="2">PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA</td><td>CURSO</td><td>TERCEIRO</td></tr>
<tr><td>Obxectivos</td><td>Contidos</td><td>Criterios de avaliación</td><td>Estándares de aprendizaxe</td><td>Competencias clave</td></tr>
<tr><td colspan="5">BLOQUE 1. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ORAIS</td></tr>
<tr><td rowspan="2">▪ b<br>▪ f</td><td rowspan="2">▪ B1.1. Estratexias de comprensión:<br>– Activación de coñecementos previos a partir de debuxos, mímica, preguntas... para á formulación de hipóteses sobre o que se vai escoitar en función dos interlocutores que participan na interacción e do contexto, en situacións de comunicación breves conectadas cos seus intereses e adaptadas a súa idade.<br>– Interpretación das ideas principais expresadas</td><td rowspan="2">▪ B1.1. Comprender o sentido xeral, e a información máis relevante en interaccións verbais, con estruturas simples e léxico de uso cotiá (os deportes, os animais, as comidas preferidas), conectados cos propios intereses e coas propias experiencias e articulados con claridade e lentamente transmitidos de viva voz ou por medios técnicos que non distorsionen a mensaxe e conten co apoio visual correspondente.</td><td>▪ PLEB1.1. Comprende o sentido xeral e a información máis relevante en interaccións verbais, con estruturas simples e léxico de uso cotiá.</td><td>▪ CCL</td></tr>
<tr><td>▪ PLEB1.2. Comprende os puntos principais de narracións e presentacións breves e sinxelas e ben estruturadas sobre temas familiares ou do seu interese, que conteñen con imaxes e ilustracións que clarifiquen o seu significado.</td><td>▪ CCL</td></tr>
</table>

| ÁREA | PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA | | CURSO | TERCEIRO |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | en textos orais sinxelos a partir das súas experiencias e coñecementos.<br>– Captación da idea global e identificación de elementos máis relevantes en textos orais, con axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos do contexto.<br>– Identificación e asociación de significados apoiándose no contexto, ilustracións...<br>– Asociación de palabras e expresións con elementos paraverbais (entoación, pausas, énfases…) e non verbais (expresión facial, xestos...).<br>– Seguimento verbal e non verbal de instrucións sinxelas en situacións comunicativas habituais.<br>– Repetición, memorización comprensiva e observación de modelos, para a adquisición do léxico e expresións cotiás da lingua estranxeira.<br>▪ B1.2. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación: familiarización cos sons, pautas de ritmo e entoación característicos da lingua estranxeira, a través do modelo do mestre/a e de recursos audiovisuais. | ▪ B1.2. Coñecer e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, e a información mais relevante do texto.<br>▪ B1.3. Discriminar patróns sonoros, rítmicos e de entoación básicos nos diferentes contextos comunicativos de forma significativa. | ▪ PLEB1.3. Entende o que se lle di en situacións comunicativas habituais sinxelas (instrucións, indicacións, peticións, avisos). | ▪ CCL |
| | | | ▪ PLEB1.4. Identifica a información esencial de mensaxes sinxelas e conversas breves nas que participa que traten sobre temas familiares procedentes de diferentes medios de comunicación e da Internet. | ▪ CCL<br>▪ CAA |

| ÁREA | PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA | | CURSO | TERCEIRO |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | ▪ PLEB1.5. Entende o que se lle di en transaccións habituais sinxelas (instrucións, indicacións, peticións, avisos). | ▪ CCL |
| | | | ▪ PLEB1.6. Valora as interaccións orais entre iguais como medio de aprendizaxe compartido. | ▪ CSC |
| BLOQUE 2. PRODUCIÓN DE TEXTOS ORAIS | | | | |
| ▪ b<br>▪ c<br>▪ i | ▪ B2.1. Estratexias de produción:<br>– Planificación:<br>– Concibir a mensaxe con claridade e practicalo varias veces.<br>– Execución:<br>– Expresar a mensaxe con claridade axustándose aos modelos.<br>– Apoiarse nos coñecementos previos.<br>– Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos paralingüísticos (xestos, expresións faciais, posturas, contacto visual ou corporal).<br>– Participar en interaccións orais en situacións reais ou simuladas, próximas a súa idade, a través de respostas verbais e non verbais.<br>– Producir textos orais coñecidos previamente | ▪ B2.1. Falar de si mesmo e das persoas da súa contorna inmediata, de obxectos, así como de expresar os seus gustos e intereses, usando expresións e frases sinxelas e de uso moi frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos (and/or).<br>▪ B2.2. Participar de forma activa e comprensible en conversas que requiran un intercambio directo de información en áreas de necesidade inmediata ou sobre temas moi familiares, aínda que en ocasións a pronuncia non sexa tan clara e poida provocar confusións lingüísticas.<br>▪ B2.3. Producir patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos e de uso diario. | ▪ PLEB2.1. Fai presentacións moi breves e elementais previamente preparadas e ensaiadas sobre temas moi próximos a si mesmo/a e aos demais cunha pronuncia e entoación comprensibles. | ▪ CCL |
| | | | ▪ PLEB2.3. Amosa unha actitude de escoita atenta. | ▪ CSC |

| ÁREA | PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA | | CURSO | TERCEIRO |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | mediante a participación activa en rutinas.<br>– Producir textos orais cotiás de índole diversa tendo en conta tanto elementos | | ▪ PLEB2.4. Reproduce comprensiblemente textos orais sinxelos e breves (p.e. cancións, rimas) aprendidos a través de xogos. | ▪<br>▪ CCL<br>▪ CSC |

| ÁREA | PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA | | CURSO | TERCEIRO |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | lingüísticos como extralingüísticos: utilizar xestos ou recorrer a imaxes para axudar na comprensión de producións orais.<br>– Participar activamente en intercambios lingüísticos orais breves para expresar as necesidades de comunicación máis inmediatas, tendo en conta as habituais fórmulas de cortesía.<br>▪ B2.2. Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos:<br>– Uso axeitado dos sons propios da lingua estranxeira: pronuncia de palabras e frases cotiás de forma comprensible.<br>– Iniciación ás normas que regulan a interacción oral (quendas de palabra, volume de voz e ritmo axeitado)..<br>– Uso e identificación de aspectos fonéticos básicos, de ritmo e entoación para a produción de textos breves orais. | | ▪ PLEB2.5. Amosa interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros/as. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| BLOQUE 3. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS | | | | |

<table>
<tr><td>ÁREA</td><td colspan="2">PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA</td><td>CURSO</td><td>TERCEIRO</td></tr>
<tr><td>Obxectivos</td><td>Contidos</td><td>Criterios de avaliación</td><td>Estándares de aprendizaxe</td><td>Competencias clave</td></tr>
<tr><td rowspan="4">▪ b<br>▪ f</td><td rowspan="4">▪ B3.1. Estratexias de comprensión:<br>– Activación dos coñecementos previos en relación á tipoloxía e tema do texto que se vai traballar.<br>– Facer anticipacións e hipóteses, a partir dos elementos icónicos e textuais, sobre o contido de textos sinxelos non coñecidos que sexan da súa interese e adaptados a súa idade.<br>– Captación da idea global e identificación de elementos máis relevantes en textos escritos, con axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos do contexto.<br>– Identificación de palabras clave do texto, relacionadas cos e coas personaxes e o contexto a través da linguaxe non verbal ou co apoio de ilustracións.<br>– Identificación de textos sinxelos: regras de xogos, algunhas instrucións, carteis da aula…<br>– Iniciación á lectura guiada e comprensión de diferentes textos sinxelos, en soporte papel e dixital, adaptados á competencia lingüística do alumnado, para utilizar información global e específica no desenvolvemento dunha tarefa, proxecto ou para gozar da lectura.<br>▪ B3.2. Patróns gráficos, convencións ortográficas e</td><td rowspan="4">▪ B3.1. Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos escritos sinxelos de temas previamente traballados de forma oral e de interese para o alumnado e conte con apoio visual en soporte papel ou dixital.<br>▪ B3.2. Discriminar patróns gráficos e recoñecer os significados e intencións comunicativas básicas que expresen pausas, exclamacións, interrogacións e interrogacións.<br>▪ B3.3. Coñecer as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, e as ideas principais en textos escritos sinxelos.</td><td>▪ PLEB3.1. Comprende frases simples escritas, relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral.</td><td>▪ CCL</td></tr>
<tr><td>▪ PLEB3.2. Comprende a idea principal dunha historia sinxela acompañada de apoio visual redundante e identifica os e as personaxes principais.</td><td>▪ CCL</td></tr>
<tr><td>▪ PLEB3.3. Amosa interese pola lectura nunha lingua estranxeira.</td><td>▪ CCL<br>▪ CAA</td></tr>
<tr><td>▪ PLEB3.4. Emprega algunhas estratexias básicas para a comprensión lectora.</td><td>▪ CCL<br>▪ CAA</td></tr>
</table>

| ÁREA | PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA | | CURSO | TERCEIRO |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | de puntuación moi elementais:<br>– Uso dos signos de puntuación máis básicos.<br>– Asociación de grafía, pronuncia e significado a partir de modelos escritos, expresións orais coñecidas e establecemento de relacións analíticas grafía-son.<br>– Recoñecemento de símbolos de uso frecuente: €, @. | | ▪ PLB3.5. Iníciase na selección de contos ou narracións da biblioteca de aula para a súa lectura guiada e respectando as súas normas de funcionamento. | ▪ CCL<br>▪ CSIEE |
| | | | ▪ PLB3.6. Amosa interese por informase, comunicarse e aprender a través dos textos escritos. | ▪ CCL<br>▪ CSIEE |
| BLOQUE 4. PRODUCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS | | | | |
| ▪ b<br>▪ f<br>▪ i | ▪ B4.1. Estratexias de produción:<br>– Planificación<br>– Seleccionar o tipo de texto que se vai producir: contos, notas, dramatizacións …<br>– Execución<br>– Producir a mensaxe escrita con claridade, utilizando expresións e frases coñecidas.<br>–<br>– Compensar as carencias léxicas mediante o | ▪ B4.1. Escribir textos sinxelos seguindo un modelo dado, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo/a, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.<br>▪ B4.2. Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable | ▪ PLEB4.1. Escribe frases sinxelas relacionadas con temas da súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral. | ▪ CCL |

| ÁREA | PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA | | CURSO | TERCEIRO |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | uso do dicionario visual do alumnado e de programas informáticos.<br>– Seleccionar e empregar o léxico adecuado ao tema e usar algún recurso cohesivo para non repetir palabras.<br>– Apoiarse nas palabras e frases coñecidas previamente en interaccións orais e de lectura.<br>– Empregar programas informáticos para reproducir mensaxes escritos sinxelos.<br>– Reproducir progresivamente a forma gráfica de certas palabras en situacións comunicativas, sen modelos dados, a través de hipóteses ou tratando de recordar a súa forma.<br>– Producir a partir de modelos, de palabras e expresións, coñecidas previamente en interaccións orais, para transmitir información.<br>– Iniciar a reelaboración de informacións en ficheiros, libriños... breves textos escritos afíns aos intereses e experiencias de alumnos e alumnas, cunha intención comunicativa. | corrección frases curtas que utiliza normalmente ao falar, cunha ortografía aceptable.<br>▪ B4.3. Iniciarse no uso das ferramentas informáticas para completar actividades predeseñadas polo persoal docente. | ▪ PLEB4.2. Escribe conversas sinxelas seguindo un modelo dado e respectando a estrutura gramatical coñecida. | ▪ CCL |
| | | | ▪ PLEB4.3. Escribe textos sinxelos, organizados con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura e cos seus intereses. | ▪ CCL |
| | | | ▪ PLEB4.4. Completa un formulario en liña con seus datos e dos e das demais (nome, apelido e idade...). | ▪ CCL |
| | | | ▪ PLEB4.5. Responde de forma escrita a preguntas sobre temas traballados en clase como, por exemplo, onde está un obxecto ou un lugar, de que cor é un obxecto, que hora é, cales son os seus gustos ou se hai algo nun determinado lugar. | ▪ CCL |
| | | | ▪ PLEB4.6. Escribe en soporte papel ou dixital falando de si mesmo/a e da súa contorna inmediata de xeito elemental. | ▪ CCL |

| ÁREA | PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA | | CURSO | TERCEIRO |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | ▪ B4.2. Patróns gráficos, covencións ortográficas e de puntuación moi elementais:<br>–<br>– Uso dos signos de puntuación máis básicos.<br>– Uso de símbolos de uso frecuente: €.<br>– Asociación de grafía, pronuncia e significado a partir de modelos escritos, expresións orais coñecidas e establecemento de relacións grafía-son. | | ▪ PLEB4.7. Presenta os seus textos de forma coidada, ordenada e cunha caligrafía axeitada para a súa idade. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ PLEB4.8. Valora a lingua escrita como medio de comunicación. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| BLOQUE 5. COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCIENCIA INTERCULTURAL | | | | |
| ▪ b<br>▪ f | ▪ B5.1. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos:<br>– Valoración da lingua estranxeira como instrumento para comunicarse. | ▪ B5.1. Identificar aspectos socioculturais básicos e significativos e aplicar progresivamente os coñecementos adquiridos sobre estes a unha | ▪ PLEB5.1. Pregunta e responde para dar/obter información en conversas básicas (nome, idade, actividades, favoritas e gustos) sobre si mesmo e sobre os demais. | ▪ CCL |

| ÁREA | PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA | | CURSO | TERCEIRO |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | – Recoñecemento e aprendizaxe de formas básicas de relación social na lingua estranxeira.<br>– Aspectos sociais e culturais próximos aos intereses dos nenos e nenas dos países onde se fala a lingua estranxeira estudada e doutros países do mundo.<br>– Recoñecemento da realidade plurilingüe da propia contorna.<br>– Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara aos demais para comprender e facerse comprender.<br>▪ B5.2. Funcións comunicativas:<br>– Establecemento de relacións sociais: saudar, agradecer, despedirse, dirixirse aos demais.<br>–<br>– Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre aspectos persoais dun mesmo/a e dos e | comprensión adecuada do texto.<br>▪ B5.2. Amosar curiosidade pola lingua e desexos de participar en actividades individuais ou colectivas que soliciten o seu uso comunicativo.<br>▪ B5.3. Iniciar e rematar as interaccións adecuadamente.<br>▪ B5.4. Obter e dar información básica persoal, a súa contorna máis inmediata e na situación de comunicación propia da aula.<br>▪ B5.5. Expresar nocións básicas e relativas a tamaño, cantidade, posesión,número calidades físicas, forma, cor, tempo atmosférico<br>▪ B5.6. Expresar a localización dos obxectos.<br>▪ B5.7. Expresar e identificar os seus desexos.<br>▪ B5.8. Utilizar adecuadamente as estruturas morfosintácticas máis básicas e frecuentes para | ▪ PLEB5.2. Utiliza as rutinas de saúdo e despedidas e diríxese aos demais utilizando as fórmulas de cortesía básicas (hello, goodbye, see you...). | ▪ CCL<br>▪ CSC |

| ÁREA | PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA | | CURSO | TERCEIRO |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | das demais.<br>– Expresión da posesión dun mesmo/a e dunha terceira persoa.<br>– Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre os días da semana, os meses e o tempo atmosférico etc.<br>– Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre a localización de obxectos etc.<br>– Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre o prezo.<br>– Formulación de preguntas e respostas sinxelas en relación á cantidade.<br>– Realización de preguntas e respostas sinxelas sobre os gustos e preferencias.<br>– Realización de preguntas e respostas sobre a habilidade.<br>– Expresión de habilidades e capacidades en afirmativo e negativo.<br>– Formulación de preguntas e respostas sobre a vestimenta.<br>– Descrición de persoas, plantas e animais.<br>– Expresión de desexos.<br>– Formulación de preguntas sobre o desexo.<br>– Expresión de instrucións.<br>– Preguntas e respostas sobre petición e ofrecemento de axuda (Can I have (pasta), | realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel.<br>▪ B5.9. Recoñecer as estruturas sintácticas básicas e os seus significados asociados.<br>▪ B5.10. Utilizar estruturas sintácticas básicas (p. e. enlazar palabras ou grupos de palabras con conectores básicos como “e, ou”, adecuándoas aos propósitos comunicativos.<br>▪ B5.11. Mostrar un control limitado dun conxunto de estruturas gramaticais sinxelas e de modelos de oracións e frases dentro un repertorio memorizado.<br>▪ B5.12. Comprender e utilizar o léxico propio do nivel en contextos comunicativos sinxelos.<br>▪ B5.13. Recoñecer un repertorio limitado de léxico oral de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados coas súas experiencias.<br>▪ B5.14. Distinguir a función ou funcións comunicativas do texto e os seus expoñentes máis habituais. | ▪ PLEB5.3. Identifica, asocia e menciona palabras e frases simples con imaxes ilustrativas. | ▪ CCL |
| | | | ▪ PLEB5.4. Expresa e identifica a localización básica de obxectos. | ▪ CCL |
| | | | ▪ PLEB5.5. Expresa e identifica de xeito elemental os seus desexos. | ▪ CCL |

| ÁREA | PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA | | CURSO | TERCEIRO |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | please?).<br>▪ B5.3. Estruturas sintáctico-discursivas:<br>− Preguntas e respostas sobre aspectos persoais como nome, idade, estado de ánimo, comida favorita... (What's your name?, My name is, How old are you?, I'm, I´m (bored), What´s your favourite food?, My favourite food is...).<br>− Expresión de posesión en primeira e terceira persoa (I´ve got, He/She´s got) e formulación da pregunta correspondente e resposta afirmativa e negativa (Have you got?, Yes, I | | ▪ PLEB5.6. Estrutura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e usa correctamente os nexos básicos. | ▪ CCL<br>▪ CAA |
| | | | ▪ PLEB5.7. Diferenza preguntas e respostas simples. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ PLEB5.8. Memoriza rutinas lingüísticas básicas e sinxelas para, por exemplo, desenvolverse nas interaccións mais habituais. | ▪ CCL |

| ÁREA | PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA | | CURSO | TERCEIRO |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | have/No, I haven´t, Has he/she got?, Yes, he/she has, No, he/she hasn´t).<br>– Preguntas e respostas sobre os días da semana, meses e o tempo atmosférico (What day is it today?, It´s, What´s the weather like today?, It´s, What month are you in?, I´m in).<br>– Preguntas e respostas sobre obxectos do seu interese (Where´s is it?, It´s in/on/under/next to).<br>– Expresión de cantidade: contar desde 51 a 100.<br>– Preguntas e respostas sinxelas sobre o prezo (How much is it?, It´s).<br>–<br>–<br>–<br>– Preguntas e respostas sinxelas sobre a cantidade de obxectos o persoas (How many… are there?).<br>– Preguntas e respostas sobre o gusto en primeira persoa (Do you like (cheese)?, Yes, I do/ No, I don´t).<br>– Expresión do gusto en primeira persoa en afirmativa e negativa (I like (salad), I don´t like (chips)).<br>– Realización de preguntas e respostas sobre habilidade (Can you (swim)?, Yes, I can;, No I | | ▪ PLEB5.9. Participa activamente en xogos de letras, elaboración de glosarios ilustrados e dramatizacións etc. | ▪ CSC |

| ÁREA | PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA | | CURSO | TERCEIRO |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | can´t).<br>– Expresión de habilidades en afirmativo e negativo (I can (play tennis), I can´t (play golf).<br>– Identificación das pezas de roupa (I´m wearing, he/she´s wearing).<br>– Preguntas e respostas sobre a vestimenta (What´s she/he wearing?, Who´s wearing (shoes)?).<br>– Expresión de desexos (I want to (make a cake).<br>– Preguntas sobre o desexo (Do you want to (play basketball?)).<br>– Expresión de instrucións (Touch your (legs), listen, please…).<br>– Realización de preguntas e respostas (What´s this?, It´s…).<br>– Preguntas e respostas sobre petición e axuda (Can I have (pasta), please?).<br><br>▪ B5.4. Léxico oral de alta frecuencia (recepción e produción) relativo a posesións persoais, a cores, números ata o 100, preposicións, días da semana, roupa, materiais e escolares, roupa, adxectivos para describir persoas, partes do corpo e a cara, deportes, equipamento deportivo, actividades ao aire libre, comida, moedas, estado e sentimentos, tempo atmosférico, días da semana, meses, accións, materiais, animais salvaxes, partes do corpo e da cara, e partes da casa. | | ▪ PLEB5.10. Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para participar nas interaccións de aula, ler textos sinxelos adecuados á súa idade e escribir con léxico traballado previamente de forma oral. | ▪ CCL<br>▪ CAA |

| ÁREA | PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA | | CURSO | TERCEIRO |
|---|---|---|---|---|
| Obxectivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias clave |
| | | | ▪ PLEB5.11. Participa de forma activa, cooperadora e respectuosa en intercambios lingüísticos en situacións rutineiras reais ou simuladas a través de respostas verbais e non verbais. | ▪ CCL<br>▪ CSC |
| | | | ▪ PLEB5.12. Valora a realidade plurilingüe da súa propia contorna. | ▪ CSC |
| | | | ▪ PLEB5.13. Amosa interese por coñecer persoas que falan outras linguas e teñen outras culturas. | ▪ CSC |
| | | | ▪ PLEB5.15. Relaciona elementos socioculturais estranxeiros cos propios para avanzar no desenvolvemento dunha conciencia intercultural. | ▪ CSC |

## 6. METODOLOXÍA

As bases metodolóxicas que inspiran o noso traballo son as seguintes:

- **A participación activa do alumnado no proceso de ensino-aprendizaxe**, de forma que se sinta integrado neste. O proceso de ensino-aprendizaxe debe xirar en torno o alumnado e non ao revés. O alumnado é o protagonista.
- **O punto de partida da aprendizaxe dos alumnos son os seus primeiros coñecementos previos**; centrándonos naquilo que lle resulta familiar e próximo ao alumnado pero cunha vertente de fantasía para lograr o equilibrio entre a seguridade/benestar co interese/imaxinación.
- **A aprendizaxe a nivel de competencias** persegue o desenvolvemento do potencial de cada alumno, das súas capacidades, preparar o alumnado para que poida afrontar os retos persoais ao longo da súa vida con éxito. Cada unha das unidades proporciona diferentes actividades que contribúen ao desenvolvemento das competencias clave.
- **As situacións comunicativas que inclúen o humor e o xogo captan a motivación do alumnado e facilitan a aprendizaxe**; por iso é necesario ter en conta a importancia das cancións e historias, as características dos personaxes, as ilustracións e mesmo os efectos sonoros das gravacións.
- **Os nenos aprenden de distintas formas e a ritmos diferentes**; por iso a nosa metodoloxía ten a característica de flexibilidade, de modo que tódolos integrantes do grupo poidan participar e atopen actividades nas que poden aplicar coñecementos e aptitudes, facilitando o desenvolvemento da propia consciencia de logros, e do progreso que logran día a día. Trataremos sempre de darlles un apoio a aqueles nenos e nenas que o requiran, tendo sempre en conta aqueles casos nos que o progreso non responda aos obxectivos que se programaron. Tamén se terán en conta os casos nos que algúns destaquen na consecución de obxectivos, tal e como se explicou no apartado 3 de pautas para atender á diversidade.

- **A aprendizaxe dos nenos é maior e de máis calidade se basea na actividade**; eles demandan exercer a súa capacidade de actuar. Cada unha das unidades proporciona unha ampla gama de actividades e recursos didácticos de diferente participación. O alumno/a é o centro do proceso de ensino-aprendizaxe.
- **A aprendizaxe globalizada xera o desenvolvemento da realidade como un todo nos alumnos**. As unidades didácticas teñen en conta esta situación ao ofrecer actividades interrelacionadas coas outras áreas curriculares, empezando polo coñecemento do neno mesmo e a continuación coa exploración do mundo que os rodea; a súa casa, o seu colexio, o seu medio e a súa sociedade en xeral. Este desenvolvemento reflíctese nos temas de cada unidade, que se relacionan coas demais áreas do Currículo: Ciencias da Natureza, Ciencias Sociais, Educación Artística, Matemáticas, Educación Física, etc.
- **Reforzo positivo**. Eloxiaranse os progresos do alumnado, tratando de motivalos e animalos en todo momento.

A metodoloxía que seguimos ten moi en conta as novas tecnoloxías, xa que sempre traballamos a partir do libro dixital proxectado na pizarra, polo que todas as cancións, historias, etc. poden velas de xeito animado, o cal engade un factor de motivación moi importante. O feito de contar con pizarra dixital permítenos realizar actividades interactivas, que son tamén moi motivadoras para o alumnado.

Ademáis este ano contaremos coa Aula Virtual e a utilización de correo-electrónico e mensaxería instantánea para favorecer unha rutina nas nenas e nenos dende principio de curso e que no caso dunha posible situación de confinamento/corentena ou enfermidade poidan seguir coa súa actividade habitual de inglés sen notar cambios na metodoloxía aula-clase.

O libro de texto utilizado é o *Go! De Richmond*. Ao principio da unidade, os alumnos traballan máis ben a comprensión e expresión oral do novo vocabulario e vaise introducindo a forma escrita de maneira paulatina.

## 7. TEMPORALIZACIÓN

Esta programación é unha ferramenta flexible e aberta, susceptible de cambios e modificacións, como por exemplo respecto á temporalización e avaliación dos estándares, en función das necesidades do grupo-clase.

O libro do alumno/a empregarase como un instrumento para o traballo diario de clase, aínda que se poderán traballar outros materiais como fichas cando a mestra o considere necesario ou pertinente.
Tamén empregaremos un caderno, no que se anotarán as actividades de reforzo do ano pasado e as palabras que deberemos incorporar paulatinamente ao noso vocabulario.

No 3º nivel contamos con tres sesións semanais para inglés. Este curso traballaranse 6 unidades didácticas, tomando como referencia o libro de texto da Editorial Richmond que aparece no apartado 8 da presente programación. Ademais desas 6 unidades, tamén se tratarán outras pequenas unidades contextualizadas segundo os diferentes acontecementos que teñen lugar ao longo do curso académico e que teñen especial relevancia tanto para a lingua como para a cultura inglesa: *Halloween, Christmas* e *Easter,* así como unhas páxinas de revisión ao finalizar cada trimestre e unha pequena introducción ao principio do libro.

**Plan de recuperación:**

Tendo en conta a situación excepcional do curso académico pasado e deste; durante o mes de setembro e outubro remateremos os temas do curso pasado que quedaron pendentes. Asemade, iniciaremos as rutinas de terceiro; e no momento que se denote que temos que parar, para afianzar contidos non dados, retomaremos e revisaremos todo aquelo que se precise para acadar con éxito os contidos e estándares de aprendizaxe mínimos do curso.

A continuación, amosamos a temporalización trimestral de unidades nesta área (susceptible de modificación en función das necesidades do grupo-clase, como xa se comentou anteriormente):

a) **Primeiro trimestre**:

- *Plan de Recuperación. Big Surprise 2.*
- Unidade 1
- Unidade 2
- *Halloween- Art- CoCO*
- *Christmas- Klauss*
- *Thanksgiving-*

b) **Segundo trimestre:**

- Unidade 3
- Unidade 4
- *Trolls*
- Greg´s Diary

c) **Terceiro trimestre:**

- Unidade 5
- Unidade 6
- *Review 3*
- *Easter*
- *BEE MOVIE*

## 8. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Para a selección dos materiais curriculares seguíronse as seguintes pautas:

- Encádrase con coherencia no Proxecto educativo do centro.
- Cobre os obxectivos do currículo.
- A selección de contidos está adecuada ao nivel de desenvolvemento psicoevolutivo dos alumnos.
- A progresión é adecuada.
- Contribúe ao desenvolvemento das competencias clave.
- Parte dos coñecementos previos dos alumnos.
- Asegura a realización de aprendizaxes significativas.
- Esperta a motivación cara ao estudo e a aprendizaxe.
- A cantidade de actividades é suficiente.

- Permiten a atención á diversidade.
- A linguaxe está adaptada ao nivel.
- As imaxes achegan aclaracións ou ampliacións ao texto.
- Recórrese suficientemente á información gráfica mediante imaxes.
- A disposición dos elementos nas páxinas aparece clara e ben diferenciada.
- O aspecto xeral do libro resulta agradable e atractivo para o alumno.
- Presenta materiais complementarios que facilitan o desenvolvemento do proceso docente.

Como recursos adicionais que podemos utilizar temos os seguintes:

- Aula virtual.
- Correo electrónico e mensaxería instantánea coas familias.
- Proxectores, pantallas de proxección...
- Xogos.
- Láminas.
- Libros dixitais interactivos e PDI.
- Libro de texto e fichas de traballo (estas últimas cando se considere oportuno).

O **libro de texto** co que se traballará ao longo deste curso é o *Big Surprise (class book* e *activity book)* dentro do plan de recuperación e Go! De Richomond o libro para Terceiro curso de Primaria.

## 9. AVALIACIÓN

A avaliación este curso tratará de ser un proceso continuo de seguimiento da evolución do alumnado, da práctica educativa e do desenvolvemento da presente programación.

Para a avaliación deste curso empregaremos un sistema de porcentaxes. A finalidade será ter clara unha rutina para unha posible educación a distancia

do total da aula, parcial da aula ou individual. Así intentarei a creación dun sistema que asegure no alumnado un traballo o menos disruptivo posible.

Será unha avaliación global, continua e formativa, que terá en conta os criterios de avaliación e os estándares establecidos, o que permitirá ir adaptando a programación ás condicións ou características de cada grupo que se vaian observando na práctica diaria.

A avaliación seguirá o seguinte cadro explicativo:

**Elementos telemáticos para a docencia:**

Co fin de establecer unhas rutinas para os nenos e nenas favorables para o seu desenvolvemento, que trastornen o menos posible situación de confinamento ou de corentenas preventivas.

Traballaremos con:

- Aula virtual
- Mensaxería instantánea ou outro medio tecnolóxico consensuado entre familia e mestra.

Na aula virtual estarán os contidos de cada sesión; para que todos e todas poidan consultar as actividades diarias. É importante subliñar que das programacións establecidas sempre pode haber pequenas modificacións xa que cada clase ten un ritmo de traballo e sobre todo temos que traballar na diversidade.

O uso de What´s app, será semanal. As alumnas e alumnos deberán enviar semanalmente dous audios (non video) un **reading** (dun texto que se entregará a principios de semana) e un **speaking** (que corresponderá os temas traballados na aula).

**DEBERES**

Tódalas semanas o primiero día de clase se dará unha folla de deberes que se entregará o primeiro día da semana seguinte. Os deberes serán dende actividades lúdicas, exercicios de repaso ou estudo de vocabulario (para o repaso de contidos do ano anterior).

Só con carácter excepcional levarán para a casa tarefa que non rematen na aula.

Control de vocabulario. **WRITING.**

Semanalmente estamos facendo pequenos controis de vocabulario. Non son exames como tal, senón para traballar o WRITING. Normalmente son os 10 primeiros minutos da primeira clase semanal.

No caso de non asistir á aula con normalidade, substituirase por un traballo escrito do vocabulario dado esa semana.

**LISTENING.**

Co traballo de vocabulario semanal, ao final de cada mes realizaremos un pequeno listening. Esta actividade terá como finalidade o traballo auditivo do vocabulario estudado.

Un audio curto; con 5 preguntas e resposta múltiple; adecuado ao nivel educativo e as necesidades individuais de cada alumno e alumna.

No caso de posible traballo a distancia; subirase á aula virtual e responderá ao test que propoña ao igual que os seus compañeiros.

**STUDENT´S BOOK, ACTIVITY BOOK, GO FURTHER´S BOOK E CADERNO.**

A metodoloxía de traballo será seguir a programación anual para o curso académico 20/21 e o libro de texto para o curso.

Cada tema do libro terá un exame que se adecuará ás necesidades de cada alumno e alumna para asegurar a atención á diversidade de todas e todos.

Na modalidade virtual, será un exame que se entregará e será devolto no tempo e forma que establezamos familias e mestra; axeitándonos ás medidas sanitarias de cada momento.

**No caderno**, levaremos actividades de repaso, vocabulario e o que necesito estudar para o writing.

No traballo a distancia, na aula virtual colgaráse a explicación da páxina traballada cun vídeo explicativo. Para a corrección da tarefa no activity book estableceremos unha canle de sinxela e versátil que favoreza a comunicación entre familia e mestra.

**CALIFICACIÓNS DOS TRABALLOS REALIZADOS NA AULA OU A DISTANCIA: AVALIACIÓN**

TODOS LOS TRABALLOS ENTREGADOS TERÁN AS SEGUINTES CALIFICACIÓNS: A,B,C,D,F.

| A | B | C | D | F |
|---|---|---|---|---|
| 10 (A++),9 (A+),8(A) | 7 (B+),6 (B) | 5 | 4 | 3,2,1 |

# Cadro resumo da organización:

**HORAS SEMANAIS 3**

- ✓ **1ª Sesión:** Writing. Explicación da tarefa semanal (deberes, reading, writing, speaking).
- ✓ **2ª Sesión:** Student´s book. Activity book. Further´s book. Tarefa de clase.
- ✓ **3ª Sesión:** *Listening (só a última sesión de cada mes), Tarefa de clase.

| INGLÉS | % | QUE REALIZAREMOS? | NOTA | MODALIDADE |
|---|---|---|---|---|
| **EXAMEN TEMA** | **30 %** | Exame realizado na aula. Será ao final de cada tema do libro. | CALIFICACIÓN 1-10 (para o alumnado será, A,B,C,D,F). | PRESENCIAL |
| | | Exame realizado cos medios telemáticos e tecnolóxicos a disposición da familia. Aula virtual. | CALIFICACIÓN 1-10 (para o alumnado será, A,B,C,D,F). | A DISTANCIA |
| **READING** | **15%** | Enviaráse un audio pola canle tecnolóxica establecida. | • Entrega puntual: 5%<br>• Boa pronunciación e pausas correctas na lectura: 5% | PRESENCIAL<br>A DISTANCIA |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| **WRITING** | **10%** | Repaso na casa. Realizarase sempre na primeira sesión da semana. | • 5% recoñecer a palabra ainda que a grafía non sexa perfecta.<br>• 5% escribir correctamente toda a palabra. | PRESENCIAL<br>A DISTANCIA |
| **SPEAKING** | **20%** | Enviarase un audio pola canle tecnolóxica establecida. | • Entrega puntual: 5%<br>• Boa pronunciación e gramática: 5% | PRESENCIAL<br>A DISTANCIA |
| **LISTENING** | **15%** | Na aula. Na última sesión de cada mes. | CALIFICACIÓN 1-10 (para o alumnado será, A,B,C,D,F). | PRESENCIAL |
| | | Recibirán un audio a través da canle tecnolóxica establecida na última sesión de cada mes. E devolverán a través do mesmo medio as respostas do control. | CALIFICACIÓN 1-10 (para o alumnado será, A,B,C,D,F). | A DISTANCIA |
| **TAREFA DE CLASE** | **10%** | Será a tarefa diaria de clase a través do Activity book. | OBSERVACIÓN DIRECTA NA AULA. | PRESENCIAL |
| | | Será a tarefa diaria realizada no domicilio seguindo as instrucións da aula virtual ou dos medios telemáticos acordados coa famila. | • 5% entrega puntual das tarefas.<br>• 5% Realización das tarefas. | A DISTANCIA |

Os procedementos e instrumentos para levar a cabo a avaliación serán:

- ✓ A observación directa, sistemática e diaria do alumnado (recollerase información sobre asistencia, o seu comportamiento e actitude, participación…)
- ✓ Pequenas probas escritas (controis).
- ✓ Listas de cotexo (si/non).
- ✓ Intercambios e preguntas orais.
- ✓ Análise das producións do alumnado, ben sexan cancións, actividades do libro, fichas…
- ✓ Rúbricas nas que se gradúan os estándares en 4 niveis, dende o máis básico ata o nivel superior de consecución do estándar.

En terceiro curso realizaranse algúns controis da materia de lingua inglesa para comprobar o nivel de adquisición de vocabulario, por exemplo.

Terase moi en conta o traballo diario do/a alumno/a, a súa participación e implicación á hora de cantar/bailar as cancións, realizar dramatizacións das historias ou cantos, a súa comprensión, etc.

O comportamento tamén se valorará á hora de avaliar ao alumnado, xa que un alumno/a que se comporta de xeito disruptivo (ben sexa falando, molestando a compañeiros...) non está aproveitando a clase e está interrompendo a correcta dinámica da mesma.

En definitiva, para obter a cualificación de cada trimestre, terase en conta co seguinte peso:

| | |
|---|---|
| EXAMEN TEMA | 30 % |
| READING | 15% |
| WRITING | 10% |
| SPEAKING | 20% |
| LISTENING | 15% |
| TAREFA DE CLASE | 10% |

Respecto á avaliación dos estándares, para cada trimestre ponderaranse os correspondentes, de xeito que dentro dese EXAMEN DE TEMA, READING, WRITING, SEAPEAKING AND LISTENING cun total de 90% ,ada un deles cun un peso concreto serán traballados os relativos ao 3º nivel do Currículo escolar.

No caso de alumnado que presente dificultades na aprendizaxe (diagnosticadas ou non), na avaliación poderán levar un 5 con RE (reforzo), o cal significa que lle custa moito chegar a ese suficiente, pero valórase o traballo e esforzo diario na aula. Esta valoración correspóndelle facela á mestra de inglés, que considerará se debe ou non superar a materia pero con ese reforzo adicional.

## 10. MÍNIMOS ESIXIBLES PARA SUPERAR A MATERIA DE INGLÉS

Respecto aos mínimos esixibles para superar a materia de inglés no terceiro curso de educación primaria, estes son os seguintes:

- **Bloque 1. Comprensión de textos orais**

  - **Comprende** o sentido global de explicacións ou intrucións orais sinxelas.
  - **Extrae** o sentido xeral e captura os detalles esenciais das narracións orais adecuadas a seu nível, con apoios visuais.
  - **Entende** o sentido xeral e o esencial das dramatizacións de contos tradicionais e de historias traballadas na clase previamente.

- **Bloque 2. Produción de textos orais: expresión e interacción**

  - **Fai** presentacións moi breves e simples, previamente preparadas e ensaiadas sobre temas cotidiás ou de seu interese (presentarse; dar información básica sobre si mesmo, dicir o que lle gusta e non lle gusta…) utilizando estruturas moi simples.
  - **Responde** adecuadamente en situacións de comunicación (saúdos, preguntas simples sobre si mesmo, solicitación ou oferta de obxectos, expresión do que gusta ou non, etc.).
  - **Participa** en conversas moi básicas como dar as gracias, saúdar, despedirse, dirixirse a alguén, pedir desculpas, presentarse, felicitar a alguén, intercambiar información persoal (nome, idade, etc.), expresar sentimentos, etc.

- **Bloque 3. Comprensión de textos escritos**

  - **Formula** hipóteses (na súa lingua materna) sobre o contido de textos sinxelos partindo dos seus coñecementos previos, das ilustracións, do título, dos elementos gráficos, etc.
  - **Comprende** información esencial e localiza información específica en material informativo sinxelo coma menús ou anuncios.

- **Bloque 4. Produción de textos escritos: expresión e interacción**

  - **Enche** formularios marcando opcións e enchendo datos ou outro tipo de información persoal (p. e. gustos, títulos de contos lidos, opinións, etc).

- É capaz de **construír** textos narrativos moi sinxelos partindo de modelos e/ou de esqueletos moi estruturados.
- Usa vocabulario e estruturas traballadas na clase en textos escritos.

## 11. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E PRÁCTICA DOCENTE

Os indicadores para avaliar a nosa práctica docente serán os seguintes:

| INDICADORES | VALORACIÓNS, OBSERVACIÓNS E PROPOSTAS DE MELLORA |
|---|---|
| Realizo a programación da miña actividade educativa tendo como referencia a programación didáctica. | |
| Selecciono e secuencio os contidos da miña programación de aula tendo en conta as características do meu alumnado. | |
| Planifico as clases de modo flexible, adecuando as actividades ás necesidades e interese do alumnado. | |
| Establezo os criterios e procedementos de avaliación que me permitan facer o seguimento do proceso de ensinanza-aprendizaxe. | |
| Dou información dos progresos acadados así como das dificultades atopadas. | |
| Relaciono os contidos e actividades cos intereses e coñecementos previos do alumnado. | |
| Distribúo o tempo adecuadamente (equilibrio entre o tempo de exposición e o traballo do alumno) | |
| Adopto distintos agrupamentos en función do momento, da tarefa a realizar, dos recursos... | |
| Utilizo recursos didácticos variados (audiovisuais, informáticos, etc.) | |
| Fomento o respecto e a colaboración entre os alumnos/as, e acepto suxestións. | |

## 12. CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE LINGUA ESTRANXEIRA AOS DIFERENTES PLANS DO CENTRO.

### 12.1. Plan lector

En todas as unidades hai polo menos unha historia e algún texto máis, á parte das canción que tamén aparecen por escrito no libro. Cómpre resaltar que o inglés é unha lingua que se escribe dun xeito totalmente diferente a como se escribe, algo que lles custa moito interiorizar e irán adquirindo ao longo dos anos.

### 12.2. Plan de Convivencia

A través das historias, en todas as unidades se traballan valores. Ademais, resólvense os posibles conflitos que poidan xurdir na clase, fomentando a tolerancia, o respecto e a solidariedade.

### 12.3. Proxecto TICS

As TICs están presentes no día a día da clase, xa que se emprega o libro dixital e a PDI a diario. Ademais, realízanse actividades interactivas, proxéctanse cancións, historias, etc.

### 12.4. Atención á diversidade

Como xa se comentou no apartado 3, esta programación ten en conta a diversidade e achega medidas para tratala na aula.

**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA**

**INGLÉS**

**4º EDUCACIÓN PRIMARIA**

**Sara VillarVázquez (4ºA) (4ºB)**

**CEIP A Gándara (Narón)**

**Curso 2020/2021**

## ÍNDICE


**1. INTRODUCCIÓN**

**2. CONTEXTO**

**2.1. Contexto particular do centro**

**2.2. Distribución do alumnado**

**3. PAUTAS PARA ATENDER Á DIVERSIDADE**

**3.1. Dificultades de aprendizaxe**

**3.2. Alumnado con risco de dislexia**

**3.3. Alumnado con TDA**

**3.4. Problemas de conduta**

**3.5. Alumnado con altas capacidades**

**3.6. Alumnado que remata axiña as tarefas**

**3.7. Outros casos que poidan xurdir ao longo do curso**

**4. COMPETENCIAS CLAVE NESTA MATERIA**

**5. OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE**

**5.1. Obxectivos**

**5.2. Contidos**

**5.3. Criterios de avaliación**

**5.4. Estándares de aprendizaxe**

**6. METODOLOXÍA**

**7. TEMPORALIZACIÓN**

**8. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS**

**9. AVALIACIÓN**

**10. MÍNIMOS ESIXIBLES PARA SUPERAR A MATERIA DE INGLÉS**

**11. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E PRÁCTICA DOCENTE**

**12. CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE LINGUA ESTRANXEIRA AOS DIFERENTES PLANS DO CENTRO**

**12.1. Plan lector**

**12.2. Plan de Convivencia**

**12.3. Proxecto TICS**

**12.4. Atención á diversidade**

## 1. INTRODUCCIÓN

A programación didáctica confire un traballo persoal e concreto, adaptado ao contexto específico do centro e do 4º nivel de educación primaria. Nesta programación reflíctense os obxectivos, contidos e criterios de avaliación concretos para o alumnado deste nivel do CEIP A Gándara. A programación está constituída por unha serie de unidades que dan resposta a todas as cuestións do currículo.

Temos sempre presente nesta Programación Didáctica e poñemos especial interese na atención á diversidade do alumnado, na prevención das dificultades da aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades. A presente programación é a base da práctica diaria da mestra de inglés durante este curso 2020-2021 para este nivel.

Non obstante, debido ás características dos distintos grupos, e dado que esta programación se realiza ao principio do ano académico; e no contexto epedimiolóxico específico deste curso esta pode sufrir modificacións ao longo do curso por diversos motivos como poden ser o nivel da clase, a presenza de dificultades imprevistas a priori, a frecuencia de condutas disruptivas na aula e o desenvolvemento da propia situación epidemiolóxica coas ausencias, asistencias, traballo presencial, semipresencial, a distancia, etc.

Estes cambios poden afectar a calquera aspecto da programación (metodoloxía, temporalización, pode ser necesario realizar adaptacións dos contidos, da avaliación, etc.).

## 2. CONTEXTO

### 2.1. Contexto particular do centro

O CEIP A Gándara atópase situado na Rúa Colmeote s/n, no Concello de Narón. No centro hai dous grupos de 3º curso que se distribúen como se especifica no apartado 2.2. da presente programación.

### 2.2. Distribución do alumnado

Os dous grupos de terceiro curso son moi numerosos, como se pode observar na seguinte táboa:

| Curso | Nº de alumnos/as |
|---|---|
| 4ºA | 25 |
| 4ºB | 25 |

No contexto de nova normalidade, a mestra (nova este curso escolar para o alumnado) desplázase á aula de referencia e non usa a aula de inglés, coma anos anteriores. O alumnado traballará individualmente e procuraráse o traballo grupal a través de medios tecnolóxicos, asegurando sempre a seguridade para as nenas e nenos.

## 3. PAUTAS PARA ATENDER Á DIVERSIDADE

Nas dúas aulas de 4º curso de educación primaria hai nenos/as que presentan dificultades ou características particulares de varios tipos, e tamén debemos ter en conta as que poidan xurdir durante o curso, ademáis das diferenzas no acceso á información e a brecha dixital que poida xurdir ao longo do ano académico; polo que se tomarán en consideración as seguintes pautas para atender á diversidade:

### 3.1. Dificultades de aprendizaxe

Os/as nenos/as que presentan dificultades de aprendizaxe, recibirán reforzo dentro da propia aula por parte da mestra de inglés. Este reforzo poderá consistir en explicacións persoalizadas, seguimento do traballo diario, fichas adicionais, adaptación ordinarias de contidos, controis e explicacións.

### 3.2. Alumnado con risco de dislexia

No caso de alumnado con risco de dislexia, tomaránse as seguintes medidas:

- É necesario cambiar de tarefas máis a miúdo, así como facer descansos máis frecuentes, pois o seu nivel de dispersión aumenta e cóstalles manter o ritmo.
- Antes de empezar as tarefas, trataráse de comprobar que entendeu o que ten que facer.

- Darlle máis tempo para facer as actividades.
- Valorar os progresos de acordo co seu esforzo.

### 3.3. Alumnado con TDA

Teránse en conta as seguintes pautas:

- Antes de empezar unha actividade, explicala de xeito claro e sinxelo.
- Preguntarlles cada pouco para comprobar que está entendendo.
- Utilizar estratexias para captar a atención do alumno, como xesticulación, entoación, dramatizacións…*
- Utilizar reforzos e apoios visuais.
- Utilizar reforzos positivos para motivar.

* neste caso concreto, co uso da máscara obrigada para alumando e mestre; tentarémolo dende unha exposición máis focalizada no traballo individualizado.

### 3.4. Problemas de conduta

No caso de que o alumnado con problemas de conduta se comporte de xeito disruptivo dificultando o normal desenvolvemento das clases, trataráse de buscar solucións xunto coa orientadora do centro para que estas condutas non afecten ao resto do grupo (interrupcións constantes, condutas agresivas, faltas de respecto, etc.).

Pode ser necesaria a presenza de mestres/as de apoio ou do persoal Tecnico Auxiliar para reconducir determinadas condutas durante un período temporal concreto ou ao longo de todo o curso, en función das necesidades.

### 3.5. Alumnado con altas capacidades

Se rematan o seu traballo, proporánse actividades diferentes relacionadas co tema que traballamos. Neste curso cunha metodoloxía transversal que será o cine, con actividades máis lúdicas e fomentando a escoita activa en inglés e a mellora da comprensión lectora en inglés e español.

### 3.6. Alumnado que remata axiña as tarefas

É prácticamente imposible que nun mesmo grupo de 25 alumnos/as rematen todos ao mesmo tempo. Por este motivo, sempre hai nenos/as que acaban antes ca outros aos que lles custa máis realizar as tarefas. Neste

sentido o alumnado máis rápido poderá realizar as tarefas relacionadas co proxecto-temática que se traballe en cada momento.

### 3.7. Outros casos que poidan xurdir ao longo do curso

Se durante o curso se observan casos de alumnado que requira unha atención especial polo motivo que sexa e non apareza recollida na presente programación, tomaránse as medidas necesarias en colaboración co Departamento de Orientación do centro coordinada coa titoría.

## 4. COMPETENCIAS CLAVE NESTA MATERIA

Atendendo ao Decreto 105/2014, do 4 de setembro, as competencias clave son as capacidades de poñer en práctica de forma integrada, en contextos e situacións diversas, os coñecementos, as habilidades e as actitudes persoais adquiridas.

Desde a nosa Programación Didáctica tratamos de contribuír ao desenvolvemento das sete competencias clave:

- **Competencia en comunicación lingüística (CCL):**

O estudo dunha lingua estranxeira contribúe ao desenvolvemento desta competencia dun xeito directo. De feito, é a competencia máis relacionada coa materia de inglés. Case todos os estándares fan referencia a ela.

- **Competencias Social e Cívica (CSC):**

Son o segundo tipo de competencias máis relacionadas coa nosa materia. Ao ensinarmos unha lingua, tamén é necesario ensinar unha cultura, incluíndo o seu elemento social.

- **Competencia de Aprender a Aprender (CAA):**

Esta competencia tamén está moi presente na ensinanza do inglés. Os/as alumnos/as deben tratar de identificar cómo aprenden mellor e qué estratexias os fan máis eficaces, para ser capaces de saír adiante a medida que van avanzando nos sucesivos cursos e se vai incrementando o nivel de dificultade das diferentes materias.

- **Competencia Dixital (CD)**

Na materia de inglés as TICs son fundamentais, xa que se empregan a diario e na actualidade é importante que o alumnado estea familiarizado con todas estas tecnoloxías para poder afrontar os retos do presente e do futuro e non convertirse nunha vítima da brecha dixital.

- **Sentido da Iniciativa e Espírito Emprendedor (CSIEE)**

Só dous estándares do currículo de 3º de educación primaria tratan esta competencia (PLB3.5 e PLB3.6).

Por último, as seguintes competencias non están incluídas en ningún dos estándares de inglés deste curso:

- **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT)**
- **Conciencia e Expresións Culturais (CCEC)**

Aínda así, incluímos en todas as unidades actividades transversais (*cross curricular topics*) que se poden incluír na primeira destas competencias e proxectos intracurriculares a través da arte e do cine.

## 5. OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Seguindo o Currículo Oficial de Educación Primaria (DECRETO 105/2014 de 4 de setembro), a área de Primeira Lingua Estranxeira: Inglés neste cuarto curso está estruturada en cinco bloques que, aínda que se presentan separados para maior claridade, deben ser entendidos como inseparables na práctica lingüística e en cada acto comunicativo.

Estes cinco bloques, relacionados cos dous centros de atención específicos: a linguaxe oral e a linguaxe escrita, recollen os elementos constitutivos do sistema lingüístico, o seu funcionamento e relacións, e a dimensión social e cultural da lingua estranxeira.

No Currículo oficial preséntanse nunha táboa os obxectivos, contidos, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe desta materia para este nivel, que se reproducen a continuación:

### 5.1. Obxectivos

### 5.2. Contidos

### 5.3. Criterios de avaliación

### 5.4. Estándares de aprendizaxe

**Bloque 1. Comprensión de textos orais**

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias - Indicadores | |
|---|---|---|---|
| B1.1. Comprender a idea global e a información máis importante en textos orais moi breves con estruturas simples e coñecidas cun léxico de uso cotiá con axuda de elementos lingüísticos e non lingüísticos presentes nas situacións comunicativas e conectados cos propios intereses e coas propias experiencias, articulados con claridade e lentamente, transmitidos de viva voz ou por a través de recursos multimedia que non distorsionen a mensaxe. | PLEB1.1. Comprende o sentido global e a información mais importantes de textos orais, con estruturas coñecidas e léxico de uso cotiá procedentes de medios audiovisuais ou da Internet adecuados a súa idade. | **CL** | CL1.3. Capta o sentido global en textos orais sobre temas familiares e de interese.<br><br>CL1.4. Identifica informacións específicas en textos orais sobre temas familiares e de interese. |
| B1.2. Coñecer e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, e a información mais importante do texto. | PLEB1.2. Comprende os puntos principais e recoñece palabras e expresións coñecidas en textos orais (contos, cancións e conversas) sobre temas familiares ou do seu interese e expresados con claridade e que conten con apoio visual. | **CL** | CL1.1. Recoñece o léxico e as realizacións lingüísticas, identificando palabras e frases esenciais relacionadas coa súa contorna máis cotiá. |
| B1.3. Discriminar patróns sonoros, rítmicos e de entoación básicos nos diferentes contextos comunicativos de forma significativa. | PLEB1.3. Identifica a información máis relevante en interaccións orais nas que participa que traten sobre temas familiares procedentes de diferentes medios de comunicación e da Internet. | **CL**<br><br>**AA** | CL1.2. Identifica aspectos fonéticos, do ritmo, acentuación e entoación da lingua estranxeira en diferentes contextos comunicativos.<br><br>AA2. Usa algunhas estratexias de tipo receptivo ou interactivo para solucionar problemas de comunicación. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | PLEB1.4. Escoita atentamente en interaccións cara a cara, sen interromper. | **CL** | CL1.3. Capta o sentido global en textos orais sobre temas familiares e de interese. |
| | PLEB1.5. Interese e respecto polas intervencións orais alleas en prol da mellora da súa pronuncia, entoación e acentuación. | | |

**Bloque 2. Produción de textos orais: Expresión e interacción**

| **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Competencias - Indicadores** | |
|---|---|---|---|
| B2.1. Interactuar en situacións reais ou simuladas sinxelas de comunicación sobre temas do seu interese, sobre persoas da súa contorna inmediata, usando expresións e frases coñecidas e de uso frecuente, normalmente illadas ou enlazadas con conectores básicos (*and/or/then*). | PLEB2.1. Participa en situacións reais ou simuladas de comunicación breves e elementais, previamente preparadas e ensaiadas, sobre temas do seu interese, sobre persoas da súa contorna inmediata, cunha pronuncia e entoación<br><br>comprensibles. | **CL** | CL3.1. Participa en interaccións orais dirixidas sobre temas coñecidos en situacións de comunicación predicibles. |
| | PLEB2.2. Pregunta e responde para dar/obter información en interaccións cotiás. | **CL** | CL3.1. Participa en interaccións orais dirixidas sobre temas coñecidos en situacións de comunicación predicibles. |
| | PLEB2.3. Amosa unha actitude de escoita atenta. | **CL**<br><br>**SC** | CL3.1. Participa en interaccións orais dirixidas sobre temas coñecidos en situacións de comunicación predicibles.<br><br>SC2. Respecta as normas básicas de intercambio como escoitando e mirando a quen fala, respectando o turno de |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | | | palabra. |
| B2.3. Valorar as linguas estranxeiras como instrumento de comunicación. | PLEB2.4. Reproduce comprensiblemente textos orais sinxelos e breves (p.e. cancións, conversas telefónicas ou dramatizacións).. | **CL**<br><br>**SC** | CL2.1. Canta unha canción usando de forma adecuada os elementos lingüísticos e paralingüísticos apropiados.<br><br>CL2.2. Recita tonadillas, trabalinguas, pequenos poemas, etc. coa entoación e pronunciación adecuadas.<br><br>SC1. Participa en interaccións orais dirixidas sobre temas coñecidos en situacións de comunicación predicibles. |
| B2.4. Producir patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos e de uso diario. | PLEB2.5. Manifesta interese e respecto polas apartacións do seus compañeiros/as. | | |
| | PLEB2.8. Amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira nas diferentes situacións comunicativas. | | |
| | PLEB2.9. Domina progresivamente aspectos fonéticos, do ritmo, da acentuación e da entoación da lingua estranxeira para a produción de textos orais. | | |

**Bloque 3. Comprensión de textos escritos**

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias - Indicadores | |
|---|---|---|---|
| B3.1. Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas máis importantes en textos escritos sinxelos de temas previamente traballados de forma oral e de interese para o alumnado, e conte con apoio visual en soporte | PLEB3.1. Comprende frases simples escritas, relacionadas cos temas traballados previamente de forma oral. | **CL** | CL4.1. Le textos sinxelos sobre temas coñecidos captando o sentido global do mesmo.<br><br>CL4.2. Le textos sinxelos sobre temas coñecidos identificando a información máis importante. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| papel ou dixital. | | | |
| B3.2. Coñecer as estratexias básicas máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, e as ideas principais en textos escritos sinxelos. | PLEB3.2. Comprende a idea principal dun texto escrito sinxelo acompañado de apoio visual, acorde a súa idade procedente dos medios de comunicación adaptados a súa competencia lingüística. | **CL** | CL4.2. Le textos sinxelos sobre temas coñecidos identificando a información máis importante. |
| B3.3. Discriminar patróns gráficos e recoñecer os significados e intencións comunicativas básicas que expresen pausas, exclamacións e interrogacións. | PLEB3.3. Amosa interese pola lectura nunha lingua estranxeira. | **CL**<br><br>**AA** | CL4.2. Le textos sinxelos sobre temas coñecidos identificando a información máis importante.<br><br>AA1. Usa algunhas estratexias para aprender a aprender, como utilizar dicionarios bilingües visuais. |
| | PLEB3.4. Selecciona contos, narracións ou outro material escrito da biblioteca de aula para a súa lectura autónoma acordes a súa idade e intereses. | **CL**<br><br>**AA** | CL4.2. Le textos sinxelos sobre temas coñecidos identificando a información máis importante.<br><br>AA1. Usa algunhas estratexias para aprender a aprender, como utilizar dicionarios bilingües visuais. |
| | PLB3.5. Iniciase progresivamente no uso autónomo de estratexias de comprensión lectora. | | |
| | PLB3.6. Formula hipóteses sobre o texto a partir de elementos icónicos e títulos que o acompañan, e compróbaas. | | |
| | PLEB3.7. Valora a lingua escrita como medio de comunicación. | | |
| | PLEB3.9. Amosa interese por informarse, comunicarse e aprender a través dos textos escritos. | | |

**Bloque 4. Produción de textos escritos**

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias - Indicadores | |
|---|---|---|---|
| B4.1. Escribir textos sinxelos propios, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles. | PLEB4.1. Escribe frases sinxelas relacionadas con temas da súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral. | **CL** | CL5.1. Escribe frases referidas a situacións cotiás próximas á experiencia a partir de modelos. |
| B4.2. Coñecer e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a produción de textos escritos. | PLEB4.2. Escribe conversas sinxelas, seguindo un modelo dado e respectando a estrutura gramatical coñecida. | **CL** | CL5.2. Escribe textos referidos a situacións cotiás próximas á experiencia a partir de modelos de diferentes textos sinxelos para transmitir información con diversas intencións comunicativas. |
| B4.3. Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección frases curtas que utiliza normalmente ao falar, cunha ortografía aceptable. | PLEB4.3. Escribe textos sinxelos, organizados con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura propios de situacións de relación interpersoal (invitacións, notas e avisos). | **CL** | CL5.2. Escribe textos referidos a situacións cotiás próximas á experiencia a partir de modelos de diferentes textos sinxelos para transmitir información con diversas intencións comunicativas. |
| B4.8. Iniciarse no uso das ferramentas informáticas para completar actividades preelaboradas polo persoal docente. | PLEB4.4. Completa un formulario en liña cos seus datos persoais e dos e das demais (nome, apelido, idade...). | **CL**<br><br>**AA** | CL5.2. Escribe textos referidos a situacións cotiás próximas á experiencia a partir de modelos de diferentes textos sinxelos para transmitir información con diversas intencións comunicativas.<br><br>AA1. Usa algunhas estratexias para aprender a aprender, como utilizar dicionarios bilingües visuais. |
| | PLEB4.6. Escribe correspondencia persoal simple en soporte papel ou dixital falando de si mesmo/a e da súa contorna inmediata. | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | PLEB4.7. Produce textos escritos significativos,en soporte papel ou dixital, de forma individual ou en parella seguindo o modelo traballado. | | |
| | PLEB4.8. Utiliza de xeito guiado as TIC para a produción de textos sinxelos. | | |
| | PLEB4.9. Presenta os seus textos con caligrafía clara e limpeza: evitando riscos, inclinación de liñas etc. | | |
| | PLEB4.10. Amosa interese por utilizar a lingua estranxeira escrita de forma correcta en situacións variadas atendendo á súa corrección ortográfica. | | |

**Bloque 5. Coñecemento da lingua e conciencia intercultural**

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Competencias - Indicadores | |
|---|---|---|---|
| B5.1. Identificar aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos para unha comprensión adecuada do texto oral e escrito. | PLEB5.1. Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festividades...) e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara ao diferente. | **SC** | SC2. Respecta as normas básicas de intercambio como escoitando e mirando a quen fala, respectando o turno de palabra. |
| B5.2. Amosar curiosidade pola lingua e pola súa cultura. | PLEB5.2. Amosa curiosidade por aprender a lingua estranxeira e a súa cultura. | **CL**<br><br>**SC** | CL3.1. Participa en interaccións orais dirixidas sobre temas coñecidos en situacións de comunicación predicibles.<br><br>SC2. Respecta as normas básicas de intercambio como escoitando e mirando a quen fala, respectando o turno de |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | | | palabra. |
| B5.3. Iniciar e rematar as interaccións adecuadamente en situacións reais ou simuladas en contextos dirixidos. | PLEB5.3. Inicia e remata as interaccións adecuadamente. | **CL**<br><br>**SIEE** | CL3.1. Participa en interaccións orais dirixidas sobre temas coñecidos en situacións de comunicación predicibles.<br><br>SIEE1. Busca e recompila información sobre temas coñecidos en diferentes soportes. |
| B5.4. Obter e dar información persoal, sobre o seu contorno máis inmediato en situacións comunicativas habituais dentro e fóra da aula. | PLEB5.4. Pregunta e responde de xeito comprensible en actividades de aprendizaxe cotiás en distintos contextos. | **CL**<br><br>**SC** | CL1.2. Identifica aspectos fonéticos, do ritmo, acentuación e entoación da lingua estranxeira en diferentes contextos comunicativos.<br><br>SC2. Respecta as normas básicas de intercambio como escoitando e mirando a quen fala, respectando o turno de palabra. |
| B5.5. Expresar nocións básicas relativas a rutinas, tempo, vestimenta e prezo. | PLEB5.5. Expresa, identifica e distingue os tramos horarios e as rutinas do día, prezos, vestimentas… | **CL** | CL3.1. Participa en interaccións orais dirixidas sobre temas coñecidos en situacións de comunicación predicibles. |
| B5.6. Expresar e identificar localización de persoas, de obxectos e de lugares. | PLEB5.6. Pregunta e responde de xeito comprensible sobre a localización (obxectos, espazos, seres vivos …). | **CL** | CL3.1. Participa en interaccións orais dirixidas sobre temas coñecidos en situacións de comunicación predicibles. |
| B5.7. Solicitar e comprender o permiso, o acordo, a información, a preferencia, a axuda ou o desexo, a capacidade entre outras. | PLEB5.7. Pregunta e responde de xeito comprensible sobre o permiso, o acordo, a preferencia, desexo ou a capacidade. | **CL** | CL3.1. Participa en interaccións orais dirixidas sobre temas coñecidos en situacións de comunicación predicibles. |
| B5.8. Utilizar adecuadamente as estruturas morfosintácticas para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel. | PLEB5.8. Estrutura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e usa correctamente os nexos básicos. | **CL** | CL3.1. Participa en interaccións orais dirixidas sobre temas coñecidos en situacións de comunicación predicibles. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| B5.9. Recoñecer estruturas sintácticas básicas e os seus significados asociados. | PLEB5.9. Diferenza preguntas e respostas moi simples, así como as que achegan información. | **CL** | CL1.2. Identifica aspectos fonéticos, do ritmo, acentuación e entoación da lingua estranxeira en diferentes contextos comunicativos. |
| B5.10. Utilizar estruturas sintácticas de progresiva dificultade (p. e. enlazar frases sinxelas con conectores básicos como and, or, then). | PLEB5.10. Memoriza rutinas lingüísticas para desenvolverse nas interaccións habituais. | **CL** | CL1.4. Identifica informacións específicas en textos orais sobre temas familiares e de interese. |
| B5.11. Mostrar un control sobre un conxunto de estruturas gramaticais sinxelas e de modelos de oracións e frases dentro dun repertorio memorizado. | PLEB5.12. Compara aspectos lingüísticos e culturais das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada a través de producións audiovisuais ou multimedia e de manifestacións artísticas. | **CL**<br><br>**SC** | CL2.3. Participa en representacións sinxelas.<br><br>SC1. Participa en interaccións orais dirixidas sobre temas coñecidos en situacións de comunicación predicibles. |
| B5.12. Comprender e utilizar o léxico propio do nivel en situacións comunicativas sinxelas da vida da aula ou fóra dela. | PLEB5. 13. Comprende e usa adecuadamente o vocabulario necesario para participar nas interaccións de aula ou fóra da aula, ler textos próximos á súa idade e escribir con léxico traballado previamente. | **CL**<br><br>**SC** | CL1.1. Recoñece o léxico e as realizacións lingüísticas, identificando palabras e frases esenciais relacionadas coa súa contorna máis cotiá.<br><br>CL3.1. Participa en interaccións orais dirixidas sobre temas coñecidos en situacións de comunicación predicibles.<br><br>CL4.2. Le textos sinxelos sobre temas coñecidos identificando a información máis importante.<br><br>CL5.1. Escribe frases referidas a situacións cotiás próximas á experiencia a partir de modelos.<br><br>SC1. Participa en interaccións orais dirixidas sobre temas |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | | | coñecidos en situacións de comunicación predicibles. |
| B5.13. Recoñecer un repertorio limitado de léxico de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e concretos relacionados coas súas experiencias, intereses e próximos á súa idade. | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | PLEB2.2. Pregunta e responde para dar/obter información en interaccións cotiás. | **CL** |
| | | | PLEB2.3. Amosa unha actitude de escoita atenta. | **CL**<br><br>**SC** |
| | | B2.3. Valorar as linguas estranxeiras como instrumento de comunicación. | PLEB2.4. Reproduce comprensiblemente textos orais sinxelos e breves (p.e. cancións, conversas telefónicas ou dramatizacións). | **CL**<br><br>**SC** |
| | | B2.4. Producir patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos e de uso diario. | PLEB2.5. Manifesta interese e respecto polas apartacións do seus compañeiros/as. | |
| | | | PLEB2.8. Amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira nas diferentes situacións comunicativas. | |
| | | B3.3. Discriminar patróns gráficos e recoñecer os significados e intencións comunicativas básicas que expresen pausas, exclamacións e interrogacións. | PLEB3.3. Amosa interese pola lectura nunha lingua estranxeira. | **CL**<br><br>**AA** |
| | | | PLEB3.4. Selecciona contos, narracións | **CL** |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | | ou outro material escrito da biblioteca de aula para a súa lectura autónoma acordes a súa idade e intereses. | **AA** |
| | | | PLB3.5. Iniciase progresivamente no uso autónomo de estratexias de comprensión lectora. | |
| | | | PLB3.6. Formula hipóteses sobre o texto a partir de elementos icónicos e títulos que o acompañan, e compróbaas. | |
| | | | PLEB3.7. Valora a lingua escrita como medio de comunicación. | |
| | | | PLEB3.9. Amosa interese por informarse, comunicarse e aprender a través dos textos escritos. | |
| **Bloque 4: Produción de textos escritos** | | | | |
| b)<br><br>f) | ♣<br><br>♣ | B4.1. Escribir textos sinxelos propios, compostos de frases simples illadas, nun rexistro neutro, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles. | PLEB4.1. Escribe frases sinxelas relacionadas con temas da súa vida cotiá traballadas previamente de forma oral. | **CL** |
| | | B4.2. Coñecer e aplicar as estratexias básicas máis adecuadas para a produción de textos escritos. | PLEB4.2. Escribe conversas sinxelas, seguindo un modelo dado e respectando a estrutura gramatical coñecida. | **CL** |
| | | B4.3. Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas | PLEB4.3. Escribe textos sinxelos, | **CL** |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | básicas para escribir con razoable corrección frases curtas que utiliza normalmente ao falar, cunha ortografía aceptable. | organizados con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura propios de situacións de relación interpersoal (invitacións, notas e avisos). | |
| | | B4.8. Iniciarse no uso das ferramentas informáticas para completar actividades preelaboradas polo persoal docente. | PLEB4.4. Completa un formulario en liña cos seus datos persoais e dos e das demais (nome, apelido, idade...). | **CL**<br><br>**AA** |
| | | | PLEB4.6. Escribe correspondencia persoal simple en soporte papel ou dixital falando de si mesmo/a e da súa contorna inmediata. | |
| | | | PLEB4.7. Produce textos escritos significativos,en soporte papel ou dixital, de forma individual ou en parella seguindo o modelo traballado. | |
| | | | PLEB4.8. Utiliza de xeito guiado as TIC para a produción de textos sinxelos. | |
| | | | PLEB4.9. Presenta os seus textos con caligrafía clara e limpeza: evitando riscos, inclinación de liñas etc. | |
| | | | PLEB4.10. Amosa interese por utilizar a lingua estranxeira escrita de forma correcta en situacións variadas atendendo á súa corrección ortográfica. | |
| **Bloque 5. Coñecemento da lingua e conciencia intercultural** | | | | |
| b) | ♣ | B5.1. Identificar aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos para unha comprensión adecuada do texto oral e | PLEB5.1. Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, | **SC** |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| f) | ♣<br>♣………………<br>♣ | escrito. | festividades...) e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara ao diferente. | |
| | | B5.2. Amosar curiosidade pola lingua e pola súa cultura. | PLEB5.2. Amosa curiosidade por aprender a lingua estranxeira e a súa cultura. | **CL**<br>**SC** |
| | | B5.3. Iniciar e rematar as interaccións adecuadamente en situacións reais ou simuladas en contextos dirixidos. | PLEB5.3. Inicia e remata as interaccións adecuadamente. | **CL**<br>**SIEE** |
| | | B5.4. Obter e dar información persoal, sobre o seu contorno máis inmediato en situacións comunicativas habituais dentro e fóra da aula. | PLEB5.4. Pregunta e responde de xeito comprensible en actividades de aprendizaxe cotiás en distintos contextos. | **CL**<br>**SC** |
| | | B5.5. Expresar nocións básicas relativas a rutinas, tempo, vestimenta e prezo. | PLEB5.5. Expresa, identifica e distingue os tramos horarios e as rutinas do día, prezos, vestimentas… | **CL** |
| | | B5.6. Expresar e identificar localización de persoas, de obxectos e de lugares. | PLEB5.6. Pregunta e responde de xeito comprensible sobre a localización (obxectos, espazos, seres vivos …). | **CL** |
| | | B5.7. Solicitar e comprender o permiso, o acordo, a información, a preferencia, a axuda ou o desexo, a capacidade entre outras. | PLEB5.7. Pregunta e responde de xeito comprensible sobre o permiso, o acordo, a preferencia, desexo ou a capacidade. | **CL** |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | B5.8. Utilizar adecuadamente as estruturas morfosintácticas para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel. | PLEB5.8. Estrutura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e usa correctamente os nexos básicos. | **CL** |
| | | B5.9. Recoñecer estruturas sintácticas básicas e os seus significados asociados. | PLEB5.9. Diferenza preguntas e respostas moi simples, así como as que achegan información. | **CL** |
| | | B5.10. Utilizar estruturas sintácticas de progresiva dificultade (p. e. enlazar frases sinxelas con conectores básicos como and, or, then). | PLEB5.10. Memoriza rutinas lingüísticas para desenvolverse nas interaccións habituais. | **CL** |
| | | B5.11. Mostrar un control sobre un conxunto de estruturas gramaticais sinxelas e de modelos de oracións e frases dentro dun repertorio memorizado. | PLEB5.12. Compara aspectos lingüísticos e culturais das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe e lograr unha competencia integrada a través de producións audiovisuais ou multimedia e de manifestacións artísticas | **CL**<br><br>**SC** |
| | | B5.12. Comprender e utilizar o léxico propio do nivel en situacións comunicativas sinxelas da vida da aula ou fóra dela. | PLEB5. 13. Comprende e usa adecuadamente o vocabulario necesario para participar nas interaccións de aula ou fóra da aula, ler textos próximos á súa idade e escribir con léxico traballado previamente. | **CL**<br><br>**SC** |
| | | B5.13. Recoñecer un repertorio limitado de léxico de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais e | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| | | concretos relacionados coas súas experiencias, intereses e próximos á súa idade. | | |

## 6. METODOLOXÍA

As bases metodolóxicas que inspiran o noso traballo son as seguintes:

- **A participación activa do alumnado no proceso de ensino-aprendizaxe**, de forma que se sinta integrado neste. O proceso de ensino-aprendizaxe debe xirar en torno o alumnado e non ao revés. O alumnado é o protagonista.
- **O punto de partida da aprendizaxe dos alumnos son os seus primeiros coñecementos previos**; centrándonos naquilo que lle resulta familiar e próximo ao alumnado pero cunha vertente de fantasía para lograr o equilibrio entre a seguridade/benestar co interese/imaxinación.
- **A aprendizaxe a nivel de competencias** persegue o desenvolvemento do potencial de cada alumno, das súas capacidades, preparar o alumnado para que poida afrontar os retos persoais ao longo da súa vida con éxito. Cada unha das unidades proporciona diferentes actividades que contribúen ao desenvolvemento das competencias clave.
- **As situacións comunicativas que inclúen o humor e o xogo captan a motivación do alumnado e facilitan a aprendizaxe**; por iso é necesario ter en conta a importancia das cancións e historias, as características dos personaxes, as ilustracións e mesmo os efectos sonoros das gravacións.
- **Os nenos aprenden de distintas formas e a ritmos diferentes**; por iso a nosa metodoloxía ten a característica de flexibilidade, de modo que tódolos integrantes do grupo poidan participar e atopen actividades nas que poden aplicar coñecementos e aptitudes, facilitando o desenvolvemento da propia consciencia de logros, e do progreso que logran día a día. Trataremos sempre de darlles un apoio a aqueles nenos e nenas que o requiran, tendo sempre en conta aqueles casos nos que o progreso non responda aos obxectivos que se programaron. Tamén se terán en conta os casos nos que algúns destaquen na consecución de obxectivos, tal e como se explicou no apartado 3 de pautas para atender á diversidade.
- **A aprendizaxe dos nenos é maior e de máis calidade se basea na actividade**; eles demandan exercer a súa capacidade de actuar. Cada unha das unidades proporciona unha ampla gama de actividades e recursos didácticos de diferente participación. O alumno/a é o centro do proceso de ensino-aprendizaxe.

- **A aprendizaxe globalizada xera o desenvolvemento da realidade como un todo nos alumnos**. As unidades didácticas teñen en conta esta situación ao ofrecer actividades interrelacionadas coas outras áreas curriculares, empezando polo coñecemento do neno mesmo e a continuación coa exploración do mundo que os rodea; a súa casa, o seu colexio, o seu medio e a súa sociedade en xeral. Este desenvolvemento reflíctese nos temas de cada unidade, que se relacionan coas demais áreas do Currículo: Ciencias da Natureza, Ciencias Sociais, Educación Artística, Matemáticas, Educación Física, etc.
- **Reforzo positivo**. Eloxiaranse os progresos do alumnado, tratando de motivalos e animalos en todo momento.

A metodoloxía que seguimos ten moi en conta as novas tecnoloxías, xa que sempre traballamos a partir do libro dixital proxectado na pizarra, polo que todas as cancións, historias, etc. poden velas de xeito animado, o cal engade un factor de motivación moi importante. O feito de contar con pizarra dixital permítenos realizar actividades interactivas, que son tamén moi motivadoras para o alumnado.

Ademáis este ano contaremos coa Aula Virtual e a utilización de correo-electrónico e mensaxería instantánea para favorecer unha rutina nas nenas e nenos dende principio de curso e que no caso dunha posible situación de confinamento/corentena ou enfermidade poidan seguir coa súa actividade habitual de inglés sen notar cambios na metodoloxía aula-clase.

O libro de texto utilizado é o *Go! De Richmond*. Ao principio da unidade, os alumnos traballan máis ben a comprensión e expresión oral do novo vocabulario e vaise introducindo a forma escrita de maneira paulatina.

## 7. TEMPORALIZACIÓN

Esta programación é unha ferramenta flexible e aberta, susceptible de cambios e modificacións, como por exemplo respecto á temporalización e avaliación dos estándares, en función das necesidades do grupo-clase.

O libro do alumno/a empregarase como un instrumento para o traballo diario de clase, aínda que se poderán traballar outros materiais como fichas cando a mestra o considere necesario ou pertinente.
Tamén empregaremos un caderno, no que se anotarán as actividades de reforzo do ano pasado e as palabras que deberemos incorporar paulatinamente ao noso vocabulario.

No 4º nivel contamos con tres sesións semanais para inglés. Este curso traballaranse 6 unidades didácticas, tomando como referencia o libro de texto da Editorial Oxford que aparece no apartado 8 da presente programación. Ademais desas 6 unidades, tamén se tratarán outras pequenas unidades contextualizadas segundo os diferentes acontecementos que teñen lugar ao longo do curso académico e que teñen especial relevancia tanto para a lingua como para a cultura inglesa: *Halloween, Christmas* e *Easter,* así como unhas páxinas de revisión ao finalizar cada trimestre e unha pequena introducción ao principio do libro; ademáis traballaremos intradisciplinarmente a través do cine para mellorar a comprensión auditiva e a oralidade.

**Plan de recuperación:**

Tendo en conta a situación excepcional do curso académico pasado e deste; durante o mes de setembro e outubro remateremos os temas do curso pasado que quedaron pendentes. Asemade, iniciaremos as rutinas de cuarto; e no momento que se denote que temos que parar, para afianzar contidos non dados, retomaremos e revisaremos todo aquelo que se precise para acadar con éxito os contidos e estándares de aprendizaxe mínimos do curso.

A continuación, amosamos a temporalización trimestral de unidades nesta área (susceptible de modificación en función das necesidades do grupo-clase, como xa se comentou anteriormente):

**a) Primeiro trimestre:**

- *Plan de Recuperación. Big Surprise 3.*
- Unidade 1
- Unidade 2
- *Halloween- Art- CoCO*
- *Christmas- Klauss*

- *Thanksgiving-*

**b) Segundo trimestre:**

- Unidade 3
- Unidade 4
- *Review 2*
- *Greg's Dairy*
- *Transilvanya Hotel*

**c) Terceiro trimestre:**

- Unidade 5
- Unidade 6
- *Review 3*
- *Easter*
- *BEE MOVIE*
- *THE ADAMS FAMILY*

## 8. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Para a selección dos materiais curriculares seguíronse as seguintes pautas:

- Encádrase con coherencia no Proxecto educativo do centro.
- Cobre os obxectivos do currículo.
- A selección de contidos está adecuada ao nivel de desenvolvemento psicoevolutivo dos alumnos.
- A progresión é adecuada.
- Contribúe ao desenvolvemento das competencias clave.
- Parte dos coñecementos previos dos alumnos.
- Asegura a realización de aprendizaxes significativas.
- Esperta a motivación cara ao estudo e a aprendizaxe.
- A cantidade de actividades é suficiente.
- Permiten a atención á diversidade.
- A linguaxe está adaptada ao nivel.
- As imaxes achegan aclaracións ou ampliacións ao texto.
- Recórrese suficientemente á información gráfica mediante imaxes.

- A disposición dos elementos nas páxinas aparece clara e ben diferenciada.
- O aspecto xeral do libro resulta agradable e atractivo para o alumno.
- Presenta materiais complementarios que facilitan o desenvolvemento do proceso docente.

Como recursos adicionais que podemos utilizar temos os seguintes:

- Aula virtual.
- Correo electrónico e mensaxería instantánea coas familias.
- Proxectores, pantallas de proxección...
- Xogos.
- Láminas.
- Libros dixitais interactivos e PDI.
- Libro de texto e fichas de traballo (estas últimas cando se considere oportuno).

O **libro de texto** co que se traballará ao longo deste curso é o *Big Surprise 3 (class book* e *activity book)* dentro do plan de recuperación e Big Surprise 4 o libro para cuarto curso de Primaria.

## 9. AVALIACIÓN

A avaliación este curso tratará de ser un proceso continuo de seguimiento da evolución do alumnado, da práctica educativa e do desenvolvemento da presente programación.

Para a avaliación deste curso empregaremos un sistema de porcentaxes. A finalidade será ter clara unha rutina para unha posible educación a distancia do total da aula, parcial da aula ou individual. Así intentarei a creación dun sistema que asegure no alumnado un traballo o menos disruptivo posible entre a escola e a casa.

Será unha avaliación global, continua e formativa, que terá en conta os criterios de avaliación e os estándares establecidos, o que permitirá ir adaptando a programación ás condicións ou características de cada grupo que se vaian observando na práctica diaria.

A avaliación seguirá a seguinte metodoloxía:

**Elementos telemáticos para a docencia:**

Co fin de establecer unhas rutinas para os nenos e nenas favorables para o seu desenvolvemento, que trastornen o menos posible situación de confinamento ou de corentenas preventivas.

Traballaremos con:

- Aula virtual
- Mensaxería instantánea ou outro medio tecnolóxico consensuado entre familia e mestra.

Na aula virtual estarán os contidos de cada sesión; para que todos e todas poidan consultar as actividades diarias. É importante subliñar que das programacións establecidas sempre pode haber pequenas modificacións xa que cada clase ten un ritmo de traballo e sobre todo temos que traballar na diversidade.

O uso de What´s app, ou outra canle de mensaxería instantánea será semanal. As alumnas e alumnos deberán enviar semanalmente dous audios (non video), un **reading** (dun texto que se entregará a principios de semana) e un **speaking** (que corresponderá os temas traballados na aula).

**DEBERES**

Tódalas semanas o primiero día de clase se dará unha folla de deberes que se entregará o primeiro día da semana seguinte. Os deberes serán dende actividades lúdicas, exercicios de repaso ou estudo de vocabulario (para o repaso de contidos do ano anterior).

Só con carácter excepcional levarán para a casa tarefa que non rematen na aula.

Control de vocabulario. **WRITING.**

Semanalmente estamos facendo pequenos controis de vocabulario. Non son exames como tal, senón para traballar o WRITING. Normalmente son os 10 primeiros minutos da primeira clase semanal.

- No caso de non asistir á aula con normalidade, substituirase por un traballo escrito do vocabulario dado esa semana.

**LISTENING.**

Co traballo de vocabulario semanal, ao final de cada mes realizaremos un pequeno listening. Esta actividade terá como finalidade o traballo auditivo do vocabulario estudado.
Un audio curto; con 5 preguntas e resposta múltiple; adecuado ao nivel educativo e as necesidades individuais de cada alumno e alumna.

- No caso de posible traballo a distancia; subirase á aula virtual e responderá ao test que propoña ao igual que os seus compañeiros.

**STUDENT´S BOOK, ACTIVITY BOOK, GO FURTHER´S BOOK E CADERNO.**

A metodoloxía de traballo será seguir a programación anual para o curso académico 20/21 e o libro de texto para o curso.

Cada tema do libro terá un exame que se adecuará ás necesidades de cada alumno e alumna para asegurar a atención á diversidade de todas e todos.

- Na modalidade virtual a distancia, será un exame que se entregará e será devolto no tempo e forma que establezamos familias e mestra; axeitándonos ás medidas sanitarias de cada momento.

**No caderno**, levaremos actividades de repaso, vocabulario e o que necesito estudar para o writing.

- No traballo a distancia, na aula virtual colgaráse a explicación da páxina traballada cun vídeo explicativo. Para a corrección da tarefa no activity book estableceremos unha canle de sinxela e versátil que favoreza a comunicación entre familia e mestra.

**CALIFICACIÓNS DOS TRABALLOS REALIZADOS NA AULA OU A DISTANCIA: AVALIACIÓN**

TODOS LOS TRABALLOS ENTREGADOS TERÁN AS SEGUINTES CALIFICACIÓNS: A,B,C,D,F.

| A | B | C | D | F |
|---|---|---|---|---|
| 10 (A++),9 (A+),8(A) | 7 (B+),6 (B) | 5 | 4 | 3,2,1 |

# Cadro resumo da organización:

**HORAS SEMANAIS 3**

- ✓ **1ª Sesión:** Writing. Explicación da tarefa semanal (deberes, reading, writing, speaking).
- ✓ **2ª Sesión:** Student´s book. Activity book. Further´s book. Tarefa de clase.
- ✓ **3ª Sesión:** *Listening (só a última sesión de cada mes), Tarefa de clase.

| INGÉS | % | QUE REALIZAREMOS? | NOTA | MODALIDADE |
|---|---|---|---|---|
| **EXAMEN TEMA** | **30 %** | Exame realizado na aula. Será ao final de cada tema do libro. | CALIFICACIÓN 1-10 (para o alumnado será, A,B,C,D,F). | PRESENCIAL |
| | | Exame realizado cos medios telemáticos e tecnolóxicos a disposición da familia. Aula virtual. | CALIFICACIÓN 1-10 (para o alumnado será, A,B,C,D,F). | A DISTANCIA |
| **READING** | **15%** | Enviaráse un audio pola canle tecnolóxica establecida. | • Entrega puntual: 5%<br>• Boa pronunciación e pausas correctas na lectura: 5% | PRESENCIAL<br>A DISTANCIA |
| **WRITING** | **10%** | Repaso na casa. Realizaráse sempre na primeira sesión da semana. | • 5% recoñecer a palabra ainda que a grafía non sexa perfecta.<br>• 5% escribir correctamente toda a palabra. | PRESENCIAL<br>A DISTANCIA |
| **SPEAKING** | **20%** | Enviaráse un audio pola canle tecnolóxica establecida. | • Entrega puntual: 5%<br>• Boa pronunciación e gramática: 5% | PRESENCIAL<br>A DISTANCIA |
| **LISTENING** | **15%** | Na aula. Na última sesión de cada mes. | CALIFICACIÓN 1-10 (para o alumnado será, A,B,C,D,F). | PRESENCIAL |
| | | Recibirán un audio a través da canle tecnolóxica establecida na última sesión de cada mes. E devolverán a través do mesmo medio as respostas do control. | CALIFICACIÓN 1-10 (para o alumnado será, A,B,C,D,F). | A DISTANCIA |
| **TAREFA DE CLASE** | **10%** | Será a tarefa diaria de clase a través do Activity book. | OBSERVACIÓN DIRECTA NA AULA. | PRESENCIAL |
| | | Será a tarefa diaria realizada no domicilio seguindo as instrucións da aula virtual ou dos medios telemáticos acordados coa famila. | • 5% entrega puntual das tarefas.<br>• 5% Realización das tarefas. | A DISTANCIA |

Os procedementos e instrumentos para levar a cabo a avaliación serán:

- ✓ A observación directa, sistemática e diaria do alumnado (recollerase información sobre asistencia, o seu comportamiento e actitude, participación…)
- ✓ Pequenas probas escritas (controis).
- ✓ Listas de cotexo (si/non).
- ✓ Intercambios e preguntas orais.
- ✓ Análise das producións do alumnado, ben sexan cancións, actividades do libro, fichas…
- ✓ Rúbricas nas que se gradúan os estándares en 4 niveis, dende o máis básico ata o nivel superior de consecución do estándar.

En CUARTO curso realizaránse algúns controis da materia de lingua inglesa para comprobar o nivel de adquisición de vocabulario, por exemplo.

Terase moi en conta o traballo diario do/a alumno/a, a súa participación e implicación á hora de cantar/bailar as cancións, realizar dramatizacións das historias ou cantos, a súa comprensión, etc.

O comportamento tamén se valorará á hora de avaliar ao alumnado, xa que un alumno/a que se comporta de xeito disruptivo (ben sexa falando, molestando a compañeiros...) non está aproveitando a clase e está interrompendo a correcta dinámica da mesma.

En definitiva, para obter a cualificación de cada trimestre, teráse en conta co seguinte peso:

| | |
|---|---|
| **EXAMEN TEMA** | **30 %** |
| **READING** | **15%** |
| **WRITING** | **10%** |
| **SPEAKING** | **20%** |
| **LISTENING** | **15%** |
| **TAREFA DE CLASE** | **10%** |

Respecto á avaliación dos estándares, para cada trimestre ponderaranse os correspondentes, de xeito que dentro dese EXAMEN DE TEMA, READING, WRITING, SEAPEAKING AND LISTENING cun total de 90% ,ada un deles cun un peso concreto serán traballados os relativos ao 4º nivel do Currículo escolar.

No caso de alumnado que presente dificultades na aprendizaxe (diagnosticadas ou non), na avaliación poderán levar un 5 con RE (reforzo), o cal significa que lle custa moito chegar a ese suficiente, pero valórase o traballo e esforzo diario na aula. Esta valoración correspóndelle facela á mestra de inglés, que considerará se debe ou non superar a materia pero con ese reforzo adicional.

## 10. MÍNIMOS ESIXIBLES PARA SUPERAR A MATERIA DE INGLÉS

Respecto aos mínimos esixibles para superar a materia de inglés no terceiro curso de educación primaria, estes son os seguintes:

**Bloque 1. Comprensión de textos orais**

1. **Comprende** o sentido global de explicacións ou intrucións orais sinxelas.

2. **Extrae** o sentido xeral e captura os detalles esenciais das narracións orais adecuadas a seu nivel.

. **Entender** o sentido xeral e o esencial das dramatizacións de contos tradicionais e de histórias populares coñecidas anteriormente.

**Bloque 2. Produción de textos orais: expresión e interacción**

1. **Fai** presentacións breves e simples, previamente preparadas e ensaiadas sobre temas cotidiás ou de seu interese (se apresentar e apresentar a outras personas; dar información básica sobre si mesmo, súa familia e a súa clase; seu menú preferido, o aspecto exterior dun obxecto ou un animal; dicir o que lle gusta e non lle gusta) utilizando estruturas moi simples.

2. **Responde** adecuadamente en situacións de comunicación (saúdos, preguntas simples sobre si mesmo, solicitación ou oferta de obxectos, expresión do que gusta ou non, do que está facendo, do lugar onde se encontra algo, etc.).

3. **Participa** en conversas cara a cara ou por medios técnicos que permitan ve-la cara e os xestos do interlocutor, nas que establece contacto social (da-las gracias, saúdar, despedirse, dirixirse a alguén, pedir desculpas, presentarse, felicitar a alguén), intercámbiase información persoal (nome, idade, etc.), exprésanse sentimentos, etc.

**Bloque 3. Comprensión de textos escritos**

1. **Formula** hipóteses sobre o contido de textos sinxelos partindo dos seus coñecementos previos, das ilustracións, do título, dos elementos gráficos, etc.

2. **Comprende** información esencial e localiza información específica en material informativo sinxelo coma menús ou anuncios.

**Bloque 4. PRODUCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS: EXPRESIÓN E INTERACCIÓN**

1. **Enche** formularios marcanco opcións e enchendo datos ou outro tipo de información persoal (p. e. gustos, títulos de contos lidos, opinións, etc).

2. É capaz de **construir** textos narrativos sinxelos partindo de modelos e/ou de esqueletos moi estruturados.

3. **Escribe** a partir dun modelo correspondencia persoal breve e simple (mensaxes, notas, postais, correos) na que felicita a alguén, ou fala de si mesmo e do seu entorno inmediato (familia, amigos, obxectos, lugares

- Usa vocabulario e estructuras traballadas na clase en textos escritos.

## 11. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E PRÁCTICA DOCENTE

Os indicadores para avaliar a nosa práctica docente serán os seguintes:

| INDICADORES | VALORACIÓNS, OBSERVACIÓNS E PROPOSTAS DE MELLORA |
|---|---|
| Realizo a programación da miña actividade educativa tendo como referencia a programación didáctica. | |
| Selecciono e secuencio os contidos da miña programación de aula tendo en conta as características do meu alumnado. | |
| Planifico as clases de modo flexible, adecuando as actividades ás necesidades e interese do alumnado. | |
| Establezo os criterios e procedementos de avaliación que me permitan facer o seguimento do proceso de ensinanza-aprendizaxe. | |
| Dou información dos progresos acadados así como das dificultades atopadas. | |
| Relaciono os contidos e actividades cos intereses e coñecementos previos do alumnado. | |
| Distribúo o tempo adecuadamente (equilibrio entre o tempo de exposición e o traballo do alumno) | |
| Adopto distintos agrupamentos en función do momento, da tarefa a realizar, dos recursos... | |
| Utilizo recursos didácticos variados (audiovisuais, informáticos, etc.) | |
| Fomento o respecto e a colaboración entre os alumnos/as, e acepto suxestións. | |

## 12. CONTRIBUCIÓN DA ÁREA DE LINGUA ESTRANXEIRA AOS DIFERENTES PLANS DO CENTRO.

### 12.1. Plan lector

En todas as unidades hai polo menos unha historia e algún texto máis, á parte das canción que tamén aparecen por escrito no libro. Cómpre resaltar que o inglés é unha lingua que se escribe dun xeito totalmente diferente a como se escribe, algo que lles custa moito interiorizar e irán adquirindo ao longo dos anos.

### 12.2. Plan de Convivencia

A través das historias, en todas as unidades se traballan valores. Ademais, resólvense os posibles conflitos que poidan xurdir na clase, fomentando a tolerancia, o respecto e a solidariedade.

### 12.3. Proxecto TICS

As TICs están presentes no día a día da clase, xa que se emprega o libro dixital e a PDI a diario. Ademais, realízanse actividades interactivas, proxéctanse cancións, historias, etc.

### 12.4. Atención á diversidade

Como xa se comentou no apartado 3, esta programación ten en conta a diversidade e achega medidas para tratala na aula.